



# BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 352

VIII lexislatura

11 de novembro de 2010

Fascículo 1

## SUMARIO

(Versión electrónica en [www.parlamentodegalicia.es](http://www.parlamentodegalicia.es))

### 3. Procedementos de control e impulso

#### 3.6. Proposicións non de lei

##### 3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

- 08/PNC-1373 (53296) (53324)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Francisco Rivera, Juan Carlos, e tres deputados máis

Sobre a elaboración e aprobación, antes do remate do ano 2010, dun protocolo para a predición, vixilancia e actuación diante dos fenómenos meteorolóxicos adversos [111030](#)

- 08/PNC-1389(53301)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Tomé Roca, José, e tres deputados máis

Sobre o cumprimento do acordo parlamentario relativo ao establecemento dun plan de medidas específicas de axuda para o sector da madeira galego [111035](#)

- 08/PNC-1374(53306)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Sestayo Doce, Beatriz, e Acuña do Campo, Carmen

Sobre o inicio dos trámites necesarios para a construción dun centro de inclusión social en Ferrol [111037](#)

- 08/PNC-1375(53311)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bouza Santiago, Ana Luisa

Sobre a situación do Servizo de Urxencias do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña [111039](#)

- 08/PNC-1376(53321)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Viéitez Alonso, Henrique

Sobre as actuacións para levar a cabo en relación coa composición e as propostas da comisión de seguimento do impacto do decreto

do carbón no funcionamento das centrais térmicas galegas, así como para a busca dunha alternativa para a súa modificación

[111041](#)

- 08/PNC-1377(53408)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Lage Tuñas, José Manuel

Sobre a dotación dun coagulómetro ao centro de saúde de Padrón

[111044](#)

- 08/PNC-1390(53531)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén, e Viéitez Alonso, Henrique

Sobre as actividades que debe impulsar a Xunta de Galicia para promover a presenza e permanencia das mulleres na área de I+D+i

[111047](#)

- 08/PNC-1378(53534)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Lage Tuñas, José Manuel

Sobre a tramitación do expediente correspondente para a declaración do castro de Baroña, no concello de Porto do Son, como ben de interese cultural

[111051](#)

- 08/PNC-1381(53603)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aymerich Cano, Carlos Ignacio, e Adán Villamarín, María do Carme

Sobre o recorte do cadro de profesores no Instituto de Ensinanza Secundaria Agra de Leborís, de Laracha

[111053](#)

- 08/PNC-1382(53647)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Sánchez Montenegro, Isabel, e Paz Franco, María Tereixa

Sobre a convocatoria do Observatorio Galego da Biodiversidade, en cumprimento do artigo 4.1 do Decreto 260/2007 polo que se crea e regula este órgano

[111055](#)

- 08/PNC-1383(53658) (53955)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Álvarez Chao, Emma, e tres deputados máis

Sobre a axilización polo Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño e a Xunta de Galicia da tramitación e execución do proxecto "Actuacións e infraestruturas no Parque Natural das Illas Atlánticas", que prevé a instalación de cables submarina ata a illa de Ons

[111058](#)

- 08/PNC-1384(53671)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Seoane Romero, María, e dez deputados máis

Sobre a procura de fórmulas que posibiliten a implicación dos diferentes actores para o mantemento sostible do servizo de transporte Noitebús e o desenvolvemento de campañas de concienciación en seguridade viaria, especialmente destinadas á mocidade

[111062](#)

- 08/PNC-1385(53674)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Álvarez Chao, Emma, e Balseiro Orol, José Manuel

Sobre a adopción das medidas e dos acordos necesarios para axilizar o arranxo da ponte de Arante no concello de Ribadeo, no trazo do camiño norte a Santiago, atendendo a criterios técnicos

[111065](#)

- 08/PNC-1386(53679)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez González, Román, e cinco deputados máis

Sobre a demanda pola Xunta de Galicia ao Goberno central do mantemento da axuda directa á compra de vivenda protexida para aquelas autonomías que, como Galicia, contan cuns prezos de vivenda por debaixo da media estatal

[111067](#)

- 08/PNC-1388(53711)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Lage Tuñas, José Manuel

Sobre o impulso do saneamento e a depuración das augas residuais de Noia (A Coruña)

[111070](#)

## 4. Procedementos de información

### 4.3. Preguntas

#### 4.3.2. Preguntas orais en Comisión

- 08/POC-5810(53302)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Tomé Roca, José, e tres deputados máis

Sobre os datos relativos ás citas de orientación realizadas, aos demandantes de emprego participantes e aos itinerarios personalizados de inserción comprometidos, ao abeiro da Orde do 31 de decembro de 2009 de convocatoria de subvencións para a realización de actividades de información, orientación e busca de emprego

[111074](#)

- 08/POC-5811(53303)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Tomé Roca, José, e tres deputados máis

Sobre os criterios seguidos pola Consellería de Traballo e Benestar para o reparto de orientadores, así como o orzamento concedido a cada concello, ao abeiro da Orde do 31 de decembro de 2009 de

convocatoria de subvencións para a realización de actividades de información, orientación e busca de emprego [111076](#)

- 08/POC-5812(53304)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Tomé Roca, José, e tres deputados máis

Sobre os datos relativos ás axudas concedidas e denegadas ás empresas con cargo ao Plan Impulsa Lugo no ano 2010, así como á creación e ao mantemento dos postos de traballo nelas [111078](#)

- 08/POC-5813(53305)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Tomé Roca, José, e tres deputados máis

Sobre os datos relativos ás axudas concedidas e denegadas ás empresas con cargo ao Plan Impulsa Lugo no ano 2010, así como á creación e ao mantemento dos postos de traballo nelas [111081](#)

- 08/POC-5814(53308)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Sestayo Doce, Beatriz, e tres deputados máis

Sobre as previsións do actual Goberno galego respecto da construción dun centro de inclusión social en Ferrol e o prazo de inicio dos trámites necesarios [111084](#)

- 08/POC-5815(53315)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bouza Santiago, Ana Luisa, e Aymerich Cano, Carlos Ignacio

Sobre a situación das listas de espera no centro de especialidades do Ventorrillo, na Coruña [111086](#)

- 08/POC-5816(53327)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

López Vidal, Pablo Xabier, e Quintas Álvarez, María

Sobre as medidas previstas pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria respecto do conflito xurdido na Residencia da Universidade Laboral de Ourense e as razóns do recente cambio de dirección do centro residencial [111088](#)

- 08/POC-5817(53337)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Sestayo Doce, Beatriz, e tres deputados máis

Sobre as xestións, fases, trámites, proxectos ou procedementos derivados da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, que o Goberno galego considera que é necesario privatizar [111090](#)

- 08/POC-5818(53339)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aymerich Cano, Carlos Ignacio, e Blanco Álvarez, Fernando Xabier

Sobre o Plan demográfico elaborado pola Consellería de Traballo e Benestar e presentado en Bruxelas o 28 de outubro de 2010 [111092](#)

- 08/POC-5819(53355)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre a ampliación da rede Quérote + [111094](#)

- 08/POC-5820(53380)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pose Mesura, Modesto, e tres deputados máis

Sobre a relación dos centros de saúde que se ían construír no ano 2010, os que se van construír no ano 2011 e o seu mecanismo de financiamento, a variación do seu custo e o cumprimento do procedemento establecido para o desenvolvemento de infraestruturas sanitarias mediante financiamento público-privado [111096](#)

- 08/POC-5821(53381)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Acuña do Campo, Carmen, e Pose Mesura, Modesto

Sobre a opinión da Consellería de Sanidade respecto da suficiencia da dotación de persoal do Hospital Piñor, a necesidade de ampliar o seu cadro de persoal e as previsións ao respecto [111098](#)

- 08/POC-5822(53395)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Lage Tuñas, José Manuel

Sobre o prazo previsto polo Goberno galego para a tramitación do recoñecemento do castro de Baroña, no concello de Porto do Son, como ben de interese cultural [111100](#)

- 08/POC-5826(53405)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lobeira Domínguez, Bieito, e Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre as previsións de instalación de dúas gaiolas de cultivo industrial de salmón na ría de Muros e Noia [111102](#)

- 08/POC-5827(53412)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén, e dous deputados máis

Sobre as actuacións realizadas pola Unidade de Muller e Ciencia e as previsións para o vindeiro ano 2011 [111106](#)

## SUMARIO

---

- 08/POC-5828(53413)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Pontón Mondelo, Ana Belén, e Viéitez Alonso, Henrique  
Sobre as actividades que está a realizar a Xunta de Galicia para promover a presenza e permanencia das mulleres na área de I+D+i  
[111109](#)
- 08/POC-5829(53530)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Francisco Rivera, Juan Carlos, e tres deputados máis  
Sobre o seguimento pola Xunta de Galicia do cumprimento pola empresa Alcoa, S.A. do seu propio plan de emerxencia para os casos de risco, a redacción e aprobación para esa empresa dun plan de emerxencia exterior e a realización nela de simulacros de evacuación, así como a activación dun protocolo de actuacións para a poboación dos concellos limítrofes no caso de accidente grave  
[111112](#)
- 08/POC-5830(53538)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Lage Tuñas, José Manuel  
Sobre o prazo previsto polo Goberno galego para atender as reivindicacións da Corporación Municipal de Padrón para a mellora dos servizos que se están a prestar no centro de saúde desa localidade  
[111114](#)
- 08/POC-5839(53541)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Lage Tuñas, José Manuel  
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da atención, durante o ano 2010, das reivindicacións da Corporación Municipal de Padrón para a mellora dos servizos que se están a prestar no centro de saúde desa localidade  
[111116](#)
- 08/POC-5831(53544)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Lage Tuñas, José Manuel  
Sobre o prazo previsto polo Goberno galego para a dotación dun coagulómetro ao centro de saúde de Padrón, para atender as reivindicacións do seu goberno municipal  
[111118](#)
- 08/POC-5832(53546)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Lage Tuñas, José Manuel  
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da posta en valor do castro de Baroña, no concello de Porto do Son  
[111120](#)
- 08/POC-5833(53550)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
- Lage Tuñas, José Manuel  
Sobre as accións levadas a cabo polo Goberno galego durante o ano 2009 para a posta en valor do castro de Baroña, no concello de Porto do Son  
[111122](#)
- 08/POC-5834(53553)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Lage Tuñas, José Manuel  
Sobre as accións levadas a cabo polo Goberno galego durante o ano 2010 para a posta en valor do castro de Baroña, no concello de Porto do Son  
[111124](#)
- 08/POC-5835(53556)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Lage Tuñas, José Manuel  
Sobre a partida económica investida polo Goberno galego entre os anos 2009 e 2010 para a posta en valor do castro de Baroña, no concello de Porto do Son  
[111126](#)
- 08/POC-5836(53597)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Aymerich Cano, Carlos Ignacio, e Adán Villamarín, María do Carme  
Sobre o recorte do cadro de profesores no Instituto de Ensinanza Secundaria Agra de Leborís, de Laracha  
[111128](#)
- 08/POC-5837(53640)  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Álvarez Chao, Emma, e catro deputados máis  
Sobre a situación na que se atopa a ampliación do catálogo galego de árbores senlleiras e os datos relativos ás solicitudes de catalogación recibidas pola Dirección Xeral de Conservación da Natureza  
[111130](#)
- 08/POC-5838(53660)  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Álvarez Chao, Emma, e dous deputados máis  
Sobre o estado de execución do convenio suscrito entre o Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño e a Xunta de Galicia no que se inclúe o proxecto "Actuacións e infraestruturas no Parque Natural das Illas Atlánticas", que prevé a instalación de cables submarina ata a illa de Ons para lles garantir aos illáns unha subministración eléctrica de calidade  
[111132](#)
- 08/POC-5841(53683)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
López Vidal, Pablo Xabier, e dous deputados máis

Sobre o prazo fixado para a xustificación dos gastos na notificación aos concellos da resolución administrativa pola que se lles aproba a subvención solicitada ao abeiro da Orde do 19 de maio de 2010 na se establecen as bases e se convocan as axudas para os anos 2010 e 2011 para actividades, actuacións ou medidas de concellos incluídos na Rede Natura 2000 [111135](#)

- 08/POC-5842(53685)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

López Vidal, Pablo Xabier, e Gallego Calvar, Carmen

Sobre as actuacións previstas pola consellaría responsable do parque natural do Xurés para rematar a recuperación e posta en funcionamento da aldea medioambiental de Salgueiros, o mantemento da consideración dese parque como o motor económico e medioambiental da Baixa Limia e as actuacións que está a desenvolver para a súa posta en valor [111138](#)

- 08/POC-5843(53703)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Blanco Álvarez, Fernando Xabier

Sobre os datos referidos ás axudas concedidas ás empresas, os empregos novos creados e os que se axudaron a manter con cargo ao Plan Impulsa Lugo [111140](#)

#### **Preguntas orais en Comisión polo procedemento de urxencia**

- 08/POC-5809 (53298)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bouza Santiago, Ana Luisa, e Aymerich Cano, Carlos Ignacio

Sobre a situación do Servizo de Urxencias do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña [111142](#)

- 08/POC-5840(53675)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Álvarez Chao, Emma, e Balseiro Orol, José Manuel

Sobre a postura definitiva da Xunta de Galicia en relación co proxecto que se debe levar a cabo para restablecer a ponte de Arante no concello de Ribadeo, no trazado do camiño norte a Santiago [111145](#)

#### **Preguntas orais en Comisión retiradas**

- 08/POC-4614 (43501) (53946)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

López-Chaves Castro, Ignacio, e sete deputados máis

Sobre a situación actual e as perspectivas de apertura ao público da Biblioteca de Galicia [111029](#)

#### **4.3.3.1. Preguntas para resposta por escrito reconvertidas en preguntas orais en Comisión**

- 08/2PRE-5934(23337)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Lage Tuñas, José Manuel

Sobre a opinión do Goberno galego referente á necesidade de modificar a Lei 14/1985, do 23 de outubro, reguladora dos xogos e apostas en Galicia, a valoración do actual marco legal e a existencia de demandas ou peticións do sector ao respecto [111029](#)

- 08/3PRE-7590 (40431)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bouza Santiago, Ana Luisa, e dous deputados máis

Sobre a contratación pola Autoridade Portuaria de Ferrol dunha persoa despedida logo dun expediente disciplinario [111029](#)

A Mesa do Parlamento, na reunión do 8 de novembro de 2010, adoptou os seguintes acordos

### 3. Procedementos de control e impulso

#### 3.6. Proposicións non de lei

##### 3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

###### Admisión a trámite, asignación a Comisión e publicación

- 08/PNC-1373 (53296) (53324)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Francisco Rivera, Juan Carlos, e tres deputados máis  
Sobre a elaboración e aprobación, antes do remate do ano 2010, dun protocolo para a predición, vixilancia e actuación diante dos fenómenos meteorolóxicos adversos

A Mesa admíte a trámite coa corrección de erros formulada no doc. núm. 53324

Comisión 1.<sup>a</sup>, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 08/PNC-1389(53301)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Tomé Roca, José, e tres deputados máis  
Sobre o cumprimento do acordo parlamentario relativo ao establecemento dun plan de medidas específicas de axuda para o sector da madeira galego

Comisión 6.<sup>a</sup>, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 08/PNC-1374(53306)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Sestayo Doce, Beatriz, e Acuña do Campo, Carmen  
Sobre o inicio dos trámites necesarios para a construción dun centro de inclusión social en Ferrol

Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego

- 08/PNC-1375(53311)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Bouza Santiago, Ana Luisa  
Sobre a situación do Servizo de Urxencias do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña

Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego

- 08/PNC-1376(53321)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Viéitez Alonso, Henrique  
Sobre as actuacións para levar a cabo en relación coa composición e as propostas da comisión de seguimento do impacto do decreto do carbón no funcionamento das centrais térmicas galegas, así como para a busca dunha alternativa para a súa modificación

Comisión 6.<sup>a</sup>, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 08/PNC-1377(53408)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Lage Tuñas, José Manuel  
Sobre a dotación dun coagulómetro ao centro de saúde de Padrón

Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego

- 08/PNC-1390(53531)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Pontón Mondelo, Ana Belén, e Viéitez Alonso, Henrique  
Sobre as actividades que debe impulsar a Xunta de Galicia para promover a presenza e permanencia das mulleres na área de I+D+i

Comisión 6.<sup>a</sup>, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 08/PNC-1378(53534)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Lage Tuñas, José Manuel  
Sobre a tramitación do expediente correspondente para a declaración do castro de Baroña, no concello de Porto do Son, como ben de interese cultural

Comisión 4.<sup>a</sup>, Educación e Cultura

- 08/PNC-1381(53603)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Aymerich Cano, Carlos Ignacio, e Adán Villamarín, María do Carme  
Sobre o recorte do cadro de profesores no Instituto de Ensinanza Secundaria Agra de Leborís, de Laracha

Comisión 4.<sup>a</sup>, Educación e Cultura



- 08/PNC-1382(53647)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Sánchez Montenegro, Isabel, e Paz Franco, María Tereixa  
Sobre a convocatoria do Observatorio Galego da Biodiversidade, en cumprimento do artigo 4.1 do Decreto 260/2007 polo que se crea e regula este órgano

Comisión 7.<sup>a</sup>, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 08/PNC-1383(53658) (53955)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Álvarez Chao, Emma, e tres deputados máis  
Sobre a axilización polo Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño e a Xunta de Galicia da tramitación e execución do proxecto “Actuacións e infraestruturas no Parque Natural das Illas Atlánticas”, que prevé a instalación de cables submarina ata a illa de Ons

A Mesa admítea a trámite coa corrección de erros formulada no doc. núm. 53955

Comisión 7.<sup>a</sup>, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 08/PNC-1384(53671)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Seoane Romero, María, e dez deputados máis  
Sobre a procura de fórmulas que posibiliten a implicación dos diferentes actores para o mantemento sostible do servizo de transporte Noitebús e o desenvolvemento de campañas de concienciación en seguridade viaria, especialmente destinadas á mocidade

Comisión 2.<sup>a</sup>, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 08/PNC-1385(53674)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Álvarez Chao, Emma, e Balseiro Orol, José Manuel  
Sobre a adopción das medidas e dos acordos necesarios para axilizar o arranxo da ponte de Arante no concello de Ribadeo, no trazado do camiño norte a Santiago, atendendo a criterios técnicos

Comisión 2.<sup>a</sup>, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 08/PNC-1386(53679)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Rodríguez González, Román, e cinco deputados máis  
Sobre a demanda pola Xunta de Galicia ao Goberno central do mantemento da axuda directa á compra de vivenda protexida para aquelas autonomías que, como Galicia, contan cuns prezos de vivenda por debaixo da media estatal

Comisión 2.<sup>a</sup>, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 08/PNC-1388(53711)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Lage Tuñas, José Manuel  
Sobre o impulso do saneamento e a depuración das augas residuais de Noia (A Coruña)

Comisión 2.<sup>a</sup>, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

## 4. Procedementos de información

### 4.3. Preguntas

#### 4.3.2. Preguntas orais en Comisión

##### Admisión a trámite, asignación a Comisión e publicación

- 08/POC-5810(53302)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Tomé Roca, José, e tres deputados máis  
Sobre os datos relativos ás citas de orientación realizadas, aos demandantes de emprego participantes e aos itinerarios personalizados de inserción comprometidos, ao abeiro da Orde do 31 de decembro de 2009 de convocatoria de subvencións para a realización de actividades de información, orientación e busca de emprego

Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego

- 08/POC-5811(53303)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Tomé Roca, José, e tres deputados máis  
Sobre os criterios seguidos pola Consellería de Traballo e Benestar para o reparto de orientadores, así como o orzamento concedido a cada concello, ao abeiro da Orde do 31 de decembro de 2009 de convocatoria de subvencións para a

realización de actividades de información, orientación e busca de emprego

Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego

- 08/POC-5812(53304)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Tomé Roca, José, e tres deputados máis

Sobre os datos relativos ás axudas concedidas e denegadas ás empresas con cargo ao Plan Impulsa Lugo no ano 2010, así como á creación e ao mantemento dos postos de traballo nelas

Comisión 6.<sup>a</sup>, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 08/POC-5813(53305)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Tomé Roca, José, e tres deputados máis

Sobre os datos relativos ás axudas concedidas e denegadas ás empresas con cargo ao Plan Impulsa Lugo no ano 2010, así como á creación e ao mantemento dos postos de traballo nelas

Comisión 6.<sup>a</sup>, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 08/POC-5814(53308)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Sestayo Doce, Beatriz, e tres deputados máis

Sobre as previsións do actual Goberno galego respecto da construción dun centro de inclusión social en Ferrol e o prazo de inicio dos trámites necesarios

Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego

- 08/POC-5815(53315)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bouza Santiago, Ana Luisa, e Aymerich Cano, Carlos Ignacio

Sobre a situación das listas de espera no centro de especialidades do Ventorrillo, na Coruña

Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego

- 08/POC-5816(53327)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

López Vidal, Pablo Xabier, e Quintas Álvarez, María

Sobre as medidas previstas pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria respecto do conflito xurdido na

Residencia da Universidade Laboral de Ourense e as razóns do recente cambio de dirección do centro residencial

Comisión 4.<sup>a</sup>, Educación e Cultura

- 08/POC-5817(53337)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Sestayo Doce, Beatriz, e tres deputados máis

Sobre as xestións, fases, trámites, proxectos ou procedementos derivados da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, que o Goberno galego considera que é necesario privatizar

Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego

- 08/POC-5818(53339)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aymerich Cano, Carlos Ignacio, e Blanco Álvarez, Fernando Xabier

Sobre o Plan demográfico elaborado pola Consellería de Traballo e Benestar e presentado en Bruxelas o 28 de outubro de 2010

Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego

- 08/POC-5819(53355)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre a ampliación da rede Quérote +

Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego

- 08/POC-5820(53380)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pose Mesura, Modesto, e tres deputados máis

Sobre a relación dos centros de saúde que se ían construír no ano 2010, os que se van construír no ano 2011 e o seu mecanismo de financiamento, a variación do seu custo e o cumprimento do procedemento establecido para o desenvolvemento de infraestruturas sanitarias mediante financiamento público-privado

Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego

- 08/POC-5821(53381)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia



Acuña do Campo, Carmen, e Pose Mesura, Modesto  
Sobre a opinión da Consellería de Sanidade respecto da suficiencia da dotación de persoal do Hospital Piñor, a necesidade de ampliar o seu cadro de persoal e as previsións ao respecto

Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego

- 08/POC-5822(53395)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Lage Tuñas, José Manuel

Sobre o prazo previsto polo Goberno galego para a tramitación do recoñecemento do castro de Baroña, no concello de Porto do Son, como ben de interese cultural

Comisión 4.<sup>a</sup>, Educación e Cultura

- 08/POC-5826(53405)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lobeira Domínguez, Bieito, e Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre as previsións de instalación de dúas gaiolas de cultivo industrial de salmón na ría de Muros e Noia

Comisión 8.<sup>a</sup>, Pesca e Marisqueo

- 08/POC-5827(53412)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén, e dous deputados máis

Sobre as actuacións realizadas pola Unidade de Muller e Ciencia e as previsións para o vindeiro ano 2011

Comisión 6.<sup>a</sup>, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 08/POC-5828(53413)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén, e Viéitez Alonso, Henrique

Sobre as actividades que está a realizar a Xunta de Galicia para promover a presenza e permanencia das mulleres na área de I+D+i

Comisión 6.<sup>a</sup>, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 08/POC-5829(53530)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Francisco Rivera, Juan Carlos, e tres deputados máis

Sobre o seguimento pola Xunta de Galicia do cumprimento pola empresa Alcoa, S.A. do seu propio plan de emerxencia

para os casos de risco, a redacción e aprobación para esa empresa dun plan de emerxencia exterior e a realización nela de simulacros de evacuación, así como a activación dun protocolo de actuacións para a poboación dos concellos limítrofes no caso de accidente grave

Comisión 1.<sup>a</sup>, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 08/POC-5830(53538)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Lage Tuñas, José Manuel

Sobre o prazo previsto polo Goberno galego para atender as reivindicacións da Corporación Municipal de Padrón para a mellora dos servizos que se están a prestar no centro de saúde desa localidade

Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego

- 08/POC-5839(53541)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Lage Tuñas, José Manuel

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da atención, durante o ano 2010, das reivindicacións da Corporación Municipal de Padrón para a mellora dos servizos que se están a prestar no centro de saúde desa localidade

Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego

- 08/POC-5831(53544)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Lage Tuñas, José Manuel

Sobre o prazo previsto polo Goberno galego para a dotación dun coagulómetro ao centro de saúde de Padrón, para atender as reivindicacións do seu goberno municipal

Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego

- 08/POC-5832(53546)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Lage Tuñas, José Manuel

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da posta en valor do castro de Baroña, no concello de Porto do Son

Comisión 4.<sup>a</sup>, Educación e Cultura

- 08/POC-5833(53550)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Lage Tuñas, José Manuel

Sobre as accións levadas a cabo polo Goberno galego durante o ano 2009 para a posta en valor do castro de Baroña, no concello de Porto do Son

Comisión 4.<sup>a</sup>, Educación e Cultura

- 08/POC-5834(53553)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Lage Tuñas, José Manuel

Sobre as accións levadas a cabo polo Goberno galego durante o ano 2010 para a posta en valor do castro de Baroña, no concello de Porto do Son

Comisión 4.<sup>a</sup>, Educación e Cultura

- 08/POC-5835(53556)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Lage Tuñas, José Manuel

Sobre a partida económica investida polo Goberno galego entre os anos 2009 e 2010 para a posta en valor do castro de Baroña, no concello de Porto do Son

Comisión 4.<sup>a</sup>, Educación e Cultura

- 08/POC-5836(53597)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aymerich Cano, Carlos Ignacio, e Adán Villamarín, María do Carme

Sobre o recorte do cadro de profesores no Instituto de Ensinanza Secundaria Agra de Leborís, de Laracha

Comisión 4.<sup>a</sup>, Educación e Cultura

- 08/POC-5837(53640)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Álvarez Chao, Emma, e catro deputados máis

Sobre a situación na que se atopa a ampliación do catálogo galego de árbores senlleiras e os datos relativos ás solicitudes de catalogación recibidas pola Dirección Xeral de Conservación da Natureza

Comisión 7.<sup>a</sup>, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 08/POC-5838(53660)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Álvarez Chao, Emma, e dous deputados máis

Sobre o estado de execución do convenio suscrito entre o Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño e a Xunta de Galicia no que se inclúe o proxecto “Actuacións e infraestruturas no Parque Natural das Illas Atlánticas”, que prevé a instalación de cables submarina ata a illa de Ons para lles garantir aos illáns unha subministración eléctrica de calidade

Comisión 7.<sup>a</sup>, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 08/POC-5841(53683)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

López Vidal, Pablo Xabier, e dous deputados máis

Sobre o prazo fixado para a xustificación dos gastos na notificación aos concellos da resolución administrativa pola que se lles aproba a subvención solicitada ao abeiro da Orde do 19 de maio de 2010 na se establecen as bases e se convocan as axudas para os anos 2010 e 2011 para actividades, actuacións ou medidas de concellos incluídos na Rede Natura 2000

Comisión 7.<sup>a</sup>, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 08/POC-5842(53685)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

López Vidal, Pablo Xabier, e Gallego Calvar, Carmen

Sobre as actuacións previstas pola consellaría responsable do parque natural do Xurés para rematar a recuperación e posta en funcionamento da aldea medioambiental de Salgueiros, o mantemento da consideración dese parque como o motor económico e medioambiental da Baixa Limia e as actuacións que está a desenvolver para a súa posta en valor

Comisión 7.<sup>a</sup>, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 08/POC-5843(53703)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Blanco Álvarez, Fernando Xabier

Sobre os datos referidos ás axudas concedidas ás empresas, os empregos novos creados e os que se axudaron a manter con cargo ao Plan Impulsa Lugo

Comisión 3.<sup>a</sup>, Economía, Facenda e Orzamentos

**Admisión a trámite polo procedemento de urxencia, asignación a Comisión e publicación**

- 08/POC-5809 (53298)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Bouza Santiago, Ana Luisa, e Aymerich Cano, Carlos Ignacio  
Sobre a situación do Servizo de Urxencias do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña

Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego

- 08/POC-5840(53675)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Álvarez Chao, Emma, e Balseiro Orol, José Manuel  
Sobre a postura definitiva da Xunta de Galicia en relación co proxecto que se debe levar a cabo para restablecer a ponte de Arante no concello de Ribadeo, no trazado do camiño norte a Santiago

Comisión 2.<sup>a</sup>, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

**Preguntas orais en Comisión retiradas**

- 08/POC-4614 (43501) (53946)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
López-Chaves Castro, Ignacio, e sete deputados máis  
Sobre a situación actual e as perspectivas de apertura ao público da Biblioteca de Galicia  
BOPG núm. 304, do 02.09.2010

A Mesa admite a súa retirada, solicitada no doc. núm. 53946

**4.3.3.1. Preguntas para resposta por escrito reconvertidas en preguntas orais en Comisión**

**Admisión da solicitude, asignación a Comisión e publicación do acordo**

- 08/2PRE-5934(23337)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Lage Tuñas, José Manuel  
Sobre a opinión do Goberno galego referente á necesidade de modificar a Lei 14/1985, do 23 de outubro, reguladora dos xogos e apostas en Galicia, a valoración do actual marco legal e a existencia de demandas ou peticións do sector ao respecto

BOPG núm. 183, do 03.03.2010

Comisión 1.<sup>a</sup>, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 08/3PRE-7590 (40431)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Bouza Santiago, Ana Luisa, e dous deputados máis  
Sobre a contratación pola Autoridade Portuaria de Ferrol dunha persoa despedida logo dun expediente disciplinario  
BOPG núm. 283, do 30.07.2010

Comisión 2.<sup>a</sup>, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

Santiago de Compostela, 9 de novembro de 2010

José Manuel Baltar Blanco  
Vicepresidente 1.º



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

**O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados e deputada **Juan Carlos Francisco Rivera, José Luis Méndez Romeu, Beatriz Sestayo Doce e José Manuel Lage Tuñas** a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Comisión**.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

### Exposición de motivos

Os fenómenos meteorolóxicos adversos que desgraciadamente ano tras ano afectan a Galicia están a poñer en evidencia certa descoordinación na resposta por parte dos servizos de emerxencia das distintas Administracións implicadas (Xunta, Deputacións, Concellos...) así coma un escaso, por non dicir nulo, coñecemento por parte da poboación das medidas a adoptar diante dunha situación de risco climatolóxico. Así sucedeu, mesmo neste ano 2010, co temporal coñecido coma “Klaus“, que mesmamente puxo de manifesto non só a falla de predición senón tamén descoordinación na resposta.

Porén, para o Grupo Parlamentario Socialista, é necesario abordar dun xeito urxente a posta en marcha dun Protocolo para a predición, vixilancia e actuación diante de fenómenos meteorolóxicos adversos buscando a mellora da capacidade de anticipación, seguimento e resposta coordinada dos servizos de emerxencia dependentes das distintas Administracións públicas, regulando os mecanismos de intercambio de información entre elas, o seguimento das alertas, as medidas a activas, as primeiras actuacións a afrontar e as alertas a transmitir a cidadanía, tomando como referencia o proxecto europeo EMMA (European Multi - Service Meteorological Awareness), de cara a establecer criterios e pautas de actuación homoxéneas.

O abano de fenómenos diante dos que se fai necesario a activación deste protocolo abarcaría as choivas, nevaradas, ventos, riscos marítimos - costeiros, temperaturas extremas ou outros fenómenos meteorolóxicos extraordinarios doutra índole, establecendo de xeito concreto limiares,



Grupo Parlamentario

cantidades, medidas e datos de calquera tipo que caracterizan as situacións de alerta e niveis das mesmas.

Do mesmo xeito, o protocolo que se aprobe, debe abordar un conxunto de recomendacións e pautas de actuación tanto para os cidadáns como para as institucións, establecemento dun sistema de aviso urxente en caso de emerxencia.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

**O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a elaborar e aprobar antes do outono do ano 2010, un protocolo para a predición, vixilancia e actuación diante de fenómenos meteorolóxicos adversos.**

Pazo do Parlamento, 28 de outubro de 2010

Asdo.: Juan Carlos Francisco Rivera  
José Luis Méndez Romeu  
Beatriz Sestayo Doce  
José Manuel Lage Tuñas  
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín M<sup>a</sup> Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia


**Asinado dixitalmente por:**

**Juan Carlos Francisco Rivera na data 28/10/2010 19:22:19**

**José Luis Méndez Romeu na data 28/10/2010 19:22:24**

**Beatriz Sestayo Doce na data 28/10/2010 19:22:31**

**José Manuel Lage Tuñas na data 28/10/2010 19:22:34**



---

Grupo Parlamentario

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 28/10/2010 19:22:38**

---

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

---





Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados e da súa deputada **Juan Carlos Francisco Rivera, José Luis Méndez Romeu, Beatriz Sestayo Doce e José Manuel Lage Tuñas**, a través do seu portavoz, solicita se realice a seguinte corrección no doc. núm. **53296**:

Na parte resolutiva da Proposición non de lei en Comisión, na segunda liña onde di: “...antes do outono do ano 2010, un protocolo para a predición, ...” debe dicir: “...antes de que remate o ano 2010, un protocolo para a predición, ...”

Pazo do Parlamento, 29 de outubro de 2010

Asdo.: Juan Carlos Francisco Rivera  
José Luis Méndez Romeu  
Beatriz Sestayo Doce  
José Manuel Lage Tuñas  
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín M<sup>a</sup> Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

### **Asinado dixitalmente por:**

**Juan Carlos Francisco Rivera na data 29/10/2010 11:03:47**

**José Luis Méndez Romeu na data 29/10/2010 11:03:52**

**Beatriz Sestayo Doce na data 29/10/2010 11:04:00**

**José Manuel Lage Tuñas na data 29/10/2010 11:04:02**



Grupo Parlamentario

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 29/10/2010 11:04:08**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados e deputadas **José Tomé Roca, Abel Losada Alvarez, María Concepción Burgo López e María Quintas Alvarez**, a través do seu Portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 6ª**.

O ano 2009 foi un ano complicado para o sector da madeira galego ao que lle afectou a crise de xeito especial, sendo este un sector moi importante para a economía de Galicia, que veu como se perdían 3.300 empregos e facturou no pasado ano un 28% menos que en 2008.

Por tal motivo, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presentou na Cámara varias iniciativas, entre elas unha proposición non de lei que foi debatida e aprobada por unanimidade na Comisión 6ª do Parlamento o día 16 de abril de 2010.

En termos xerais o acordo dicía que, a Xunta de Galicia tiña que establecer antes de tres meses un Plan de medidas específicas de axudas para o sector da madeira galego, acordadas co propio sector para reactivar o dinamismo da actividade económica e recuperar a creación de emprego.

Seis meses despois do acordo unánime do Parlamento, a Consellería de Economía e Industria aínda non cumpriu o acordo parlamentario a pesar da situación de crise na que nos atopamos en Galicia.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión de Industria:



Grupo Parlamentario

O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a:

Que no actual período de sesións dea cumprimento ao acordo unánime do Parlamento do día 16 de abril e concrete medidas específicas de axuda ao sector da madeira galego.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Pazo do Parlamento, 23 de marzo de 2010

Asdo: José Tomé Roca  
Abel Losada Alvarez  
María Concepción Burgo López  
María Remedios Quintas Alvarez  
Deputados e deputadas do G. P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**José Tomé Roca na data 28/10/2010 18:15:55**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 28/10/2010 18:15:58**

**María Concepción Burgo López na data 28/10/2010 18:16:04**

**María Remedios Quintas Álvarez na data 28/10/2010 18:16:13**



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas **Beatriz Sestayo Doce**, **Carmen Acuña do Campo** e dos seus deputados **Modesto Pose Mesura** e **José Tomé Roca**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión**.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

## Exposición de Motivos

O Concello de Ferrol, leva priorizando políticas sociais e de benestar para a cidade dende a entrada do Partido Socialista ao Goberno da mesma. A elaboración dun Plan Estratéxico “Ferrol Solidario” elaborado ca participación e aprobación unánime do Consello social, ou a entrada no Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar a cambio do compromiso de construír infraestruturas sociais esenciais para a cidade, son algúns dos puntos transcendentais para traballar na igualdade de oportunidades entre todas as persoas.

O certo é que o cambio de Goberno na Xunta de Galicia supuxo un enorme atranco ás políticas sociais e ao desenvolvemento das infraestruturas que as posibilitan. En efecto, ata ao da agora, a Xunta de Galicia só inaugurou aquelas infraestruturas que xa estaban iniciadas polo Goberno autonómico anterior de acordo co Goberno municipal. Non existe nin un só paso novo, ningún.

Unha das apostas claras do Goberno municipal dende a toma de posesión foi as políticas proactivas de inclusión social, constituíndo un equipo de persoas neste senso, elaborando o primeiro estudo da cidade sobre persoas sen teito, apostando por medidas claras de inclusión social. Deste xeito, nos compromisos acadados na firma do Convenio de adhesión ao Consorcio Galego figuraba a construción dun Centro de Inclusión social. A tal efecto, dende o concello de Ferrol se trasladou esta petición dende mesmo a toma de posesión do novo Goberno sen que exista ningún tipo de resposta ata o momento.



Grupo Parlamentario

En vista do tempo transcorrido, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei en Comisión:

**O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a iniciar de inmediato os trámites necesarios para a construción dun Centro de Inclusión en Ferrol.**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Pazo do Parlamento, 28 de outubro de 2010

Asdo.: Beatriz Sestayo Doce  
Carmen Acuña do Campo  
Modesto Pose Mesura  
José Tomé Roca

Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín M<sup>a</sup> Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Beatriz Sestayo Doce na data 28/10/2010 20:00:19**

**María Carmen Acuña Docampo na data 28/10/2010 20:00:22**

**Modesto Pose Mesura na data 28/10/2010 20:00:29**

**José Tomé Roca na data 28/10/2010 20:00:35**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 28/10/2010 20:00:43**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 29/10/2010 10:12  
**Nº Rexistro: 53311**  
Data envío: 29/10/2010 10:12:25.722

## Á Mesa do Parlamento

**O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, por iniciativa da súa deputada **Ana Luisa Bouza Santiago** ou abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa á situación do Servizo de Urxencias do Complexo Hospitalario Universitario d'A Coruña.

O CHUAC da servizo a unha poboación duns 520.000 habitantes, a súa Area de urxencias atendeu en 2009 166.015 urxencias, unha media de 454,84 cada día cunha presión do 66,6%.

O Plan director do CHUAC, que leva ano e medio paralizado tiña previsto rematar a ampliación desta Area fundamental en 2010 pero na actualidade non se ten iniciado ningunha obra de mellora nin de ampliación dos espazos de urxencias e tampouco dos recursos de persoal precisos para evitar a actual situación de colapso que vive, só solventada pola profesionalidade e adicación do persoal que traballa no servizo.

Empeza a ser habitual que doentes en observación pasen a noite en sillóns ou camillas encaixadas entre as camas, tampouco é estraño que por falta de camas en planta, se adíen os necesarios ingresos, aínda que haxa camas pechadas.

Estes días, a Conselleira de Sanidade anunciou a reactivación do paralizado Plan director cun novo retraso a 2013 da data de remate pero sen concretar a temporalización das actuacións nin a forma de financiación.



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Por este motivo, o BNG presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

Parlamento Galego insta ao Goberno galego a:

- 1) Retomar o Plan director do CHUAC dando máxima prioridade á modernización e ampliación da Area de urxencias.
- 2) Tomar as medidas precisas de persoal e espazos físicos que permitan mellorar inmediatamente a actual situación e atender adecuadamente a demanda na Area de urxencias do CHUAC.


Santiago de Compostela, 28 de outubro de 2010.

Asdo.: Ana Luisa Bouza Santiago  
Deputada do G.P. do BNG.  
Carlos Aymerich Cano  
Portavoz do G.P. do BNG.

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Luísa Bouza Santiago na data 29/10/2010 10:08:29**

**Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 29/10/2010 10:08:35**



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza


## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa do deputado **Henrique Viéitez Alonso** e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei na Comisión 6ª Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**, relativa á comisión de seguimento sobre o impacto do decreto do carbón no funcionamento das centrais térmicas galegas.

O Goberno do Estado aprobou o Real Decreto 134/2010, de 12 de febreiro, polo que se establece o procedemento de resolución de restricións por garantía de subministro. Tras o informe da Comunidade Europea, este decreto é modificado polo Real Decreto 1221/2010, que continua cunhas repercusións negativas para a actividade económica das comarcas onde están instaladas estas centrais térmicas e tamén na actividade dos portos onde se descargaba o carbón, nos transportistas que o trasladaban e nos servizos auxiliares, poñendo en perigo a continuidade de 3.500 empregos.

Este feito, denunciado polos nacionalistas e que foi negado desde múltiples instancias, ten orixinado un malestar entre a poboación destas comarcas e tense estendido a toda Galiza, pois entenden que é unha clara discriminación cara Galiza primando a outros territorios. Fronte a un problema de emprego nas comarcas mineiras que producen carbón autóctono a solución non pasa por castigar, unha vez mais, ao noso País condenando a ditas centrais a unha actividade ínfima e deixando sen ocupación a moitas persoas. Así o entenderon estas comarcas afectadas e, produto da súa mobilización, ata o propio Ministerio de Industria, Turismo e Comercio recoñece a incidencia do decreto do carbón na actividade económica e responde criando unha comisión de seguimento para avaliar o impacto.

Esta comisión, que pode representa o primeiro paso para poñer en marcha medidas que eliminen os efectos negativos vaise constituír este venres e na súa composición non esta representada todos os axentes implicados nunha solución global



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

que supoña a recuperación da actividade económica e o mantemento do emprego, polo tanto formulamos a seguinte proposición non de lei en Comisión dende o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego:

O Parlamento galego insta ao Goberno galego a:

1º) Dirixirse ao Goberno español para:

- a. Que na comisión de seguimento sobre o impacto do decreto do carbón no funcionamento das centrais térmicas galegas e na economía das comarcas afectadas haxa unha representación do Goberno galego e das centrais sindicais mais representativas nestas comarcas.
- b. Que nas solucións propostas para eliminar dito impacto se teña en conta a singularidade das comarcas mineiras galegas de As Pontes e Meirama e na definición dos contidos recolla as accións necesarias para o seu desenvolvemento integral e sostíbel.

2º) Que a Xunta constituía unha mesa de diálogo composta polos axentes sociais e económicos afectados na busca dunha alternativa de modificación do Real Decreto 1221/2010 que permita o mantemento do nivel actual de produción nas Centrais Térmicas galegas.


Santiago de Compostela 28 de outubro do 2010.

Asdo. **Henrique Viéitez Alonso**

Deputado do G.P. do BNG

**Carlos Aymerich Cano**

Portavoz do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Henrique Viéitez Alonso na data 29/10/2010 10:41:35**

**Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 29/10/2010 10:41:40**



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado **José Manuel Lage Tuñas**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión**.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

### Exposición de Motivos

O pleno celebrado no mes de outubro pola Corporación Municipal de Padrón (A Coruña) debateu e aprobou unha proposta para mellorar os servizos sanitarios de atención primaria e demandar da Xunta de Galicia atención aos problemas dos veciños e veciñas de Padrón.

A proposta emanada do Goberno municipal padronés e refrendada polo Pleno da Corporación refírese á necesidade de que o centro de saúde de Padrón dispoña dun coagulómetro ou, como é coñecida popularmente, máquina do Sintrom, co obxecto de mellorar a calidade asistencial do centro de saúde da citada vila.

O servizo de saúde da capital do Sar atende a uns 200 usuarios do municipio no prazo de 3 a 4 semanas, para recibir a súa correspondente dose de Sintrom, un tratamento que, en moitos casos se cronifica e co agravante de que o número de pacientes aumenta considerablemente debido ao incremento de doenzas cardíacas.

O alcalde de Padrón e os membros do goberno municipal teñen explicado que a asistencia masiva de anticoagulados ao centro de saúde débese a ausencia do citado aparello para mellorar a atención aos usuarios.

O pleno da corporación de Padrón acordou instar ao Goberno de Galicia e concretamente á Consellería de Sanidade, a través do SERGAS, a dotar ao centro de saúde padronés do devandito aparello e, con iso, equipararse a outros concellos veciños, como Rois, que xa dispón do mesmo, tal e como lembrou o propio alcalde de Padrón (A Coruña).





Grupo Parlamentario

Os socialistas galegos compartimos a necesidade de mellorar os recursos da atención primaria e compartimos as demandas feitas polo Goberno municipal de Padrón e o pleno da corporación local co obxecto de mellorar a calidade da asistencia sanitaria en dito termo municipal.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Entendemos que existe unha reivindicación xusta e que melloraría a calidade do servizo que reciben os usuarios do centro de saúde ao mesmo tempo que axudaría a unha mellor xestión dos recursos humanos do centro de atención primaria padronés.

Co obxecto de acadar un posicionamento favorable do Parlamento de Galicia e dos deputados e deputadas de todos os grupos parlamentarios, por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

**O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a dotar ao centro de saúde de Padrón (A Coruña) cun coagulómetro co obxecto de mellorar a calidade do servizo que se presta neste centro de saúde e atendendo a petición do concello de Padrón a través do correspondente acordo do pleno da Corporación Municipal.**

Pazo do Parlamento, 2 de novembro de 2010

Asdo.: José Manuel Lage Tuñas  
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín M<sup>a</sup> Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**


**José Manuel Lage Tuñas na data 02/11/2010 11:45:16**



Grupo Parlamentario

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 02/11/2010 11:45:22**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 02/11/2010 17:27  
**Nº Rexistro: 53531**  
Data envío: 02/11/2010 17:27:12.676

## Á Mesa do Parlamento

**O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, por iniciativa da súa deputada **Ana Belén Pontón Mondelo** e do seu deputado **Henrique Viéitez Alonso**, ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate na comisión 6ª Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**, en relación coas actividades que debe impulsar a Xunta de Galiza para promover a presenza e permanencia das mulleres na área do I+D+i.

O estudo realizado pola Unidade de Muller e Ciencia sob o título “*Situación das mulleres no sistema Ciencia- Tecnoloxía- Empresa de Galiza*” desvela con clareza a discriminación das mulleres que se dedican á investigación, ao desenvolvemento tecnolóxico e á innovación na nosa nación. As conclusións máis importantes deste estudo sinalan que os varóns ocupan os postos de maior relevancia, teñen salarios máis elevados e requíreselles un nivel formativo inferior para acceder aos postos de maior responsabilidade.

Coa finalidade de eliminar as discriminacións de xénero neste ámbito a Unidade de Muller e Ciencia elaborou o **Programa Galego de Muller e Ciencia 2008- 2012** que recolle medidas e liñas de actuación nesta dirección. Filosofía que estaba incorporada na planificación das políticas de I+D+i da Xunta de Galiza. concretamente neste programa establececese como obxectivo “Promover políticas no sistema sociedade-ciencia- tecnoloxía- empresa (público- privado) cara o acceso e permanencia en condicións de igualdade de mulleres e de homes. Entre as actuacións previstas para desenvolver este obxectivo está a de incluír nos programas de axudas ás empresas con actividades de I+D, incentivos para a contratación de mulleres científicas e



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza




PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 02/11/2010 17:27  
Nº Rexistro: 53531  
Data envío: 02/11/2010 17:27:12.676

tecnólogas; establecer criterios específicos nas convocatorias e/ou convenios para que as mulleres estean representadas nos comités científicos de organización e/ou coordinación de congresos, cursos, ciclos, etc. financiados –parcial ou totalmente polas administracións; ou promover a inclusión de cláusulas relativas ao cumprimento efectivo do principio de igualdade nos convenios e contratos que as universidades e organismos públicos do ámbito científico, tecnolóxico e de igualdade dependentes da Xunta de Galiza asinen con empresas.

A análise das ordes de axudas convocadas pola Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación para o ano 2010 indica que a perspectiva de xénero non está presente nas mesmas. De seis ordes de axudas revisadas só unha contempla nos criterios de valoración a participación equilibrada de mulleres e homes. Trátase das axudas para o fomento da investigación e innovación empresarial, para a liña de subvencións para plataforma tecnolóxica. Sen embargo, a ponderación que se establece nos criterios de valoración (sobre 100, a participación equilibrada de mulleres no comité executivo e grupos de traballo só pesa 2 puntos) non ten o peso suficiente como para ser un elemento determinante.

Desde o BNG acreditamos en que é necesario traballar con máis empeño e convicción neste ámbito. A perspectiva de xénero debe ser un elemento vertebral das políticas de I+D+i do Goberno Galego. O recoñecido Informe ETAN sinala que a infrarrepresentación das mulleres no ámbito científico ameaza os obxectivo de acadar a excelencia, ademais de ser un malgasto e unha inxustiza. Cómpre pois unha asunción real do Goberno Galego da perspectiva de xénero. De nada serve enunciar o obxectivo de acadar unha sociedade igualitaria senón se acompaña de accións concretas que muden unha dinámica que discrimina as mulleres.



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 02/11/2010 17:27  
**Nº Rexistro: 53531**  
Data envío: 02/11/2010 17:27:12.676

Polo dito, presentamos a seguinte Proposición non de lei en Comisión:

O Parlamento insta á Xunta de Galiza a desenvolver políticas que promovan o acceso e permanencia en condicións de igualdade das mulleres no sistema sociedade-ciencia- tecnoloxía- empresa (pública e privada), priorizando as seguintes medidas:

1. Incluír nos programas de axudas ás empresas con actividades de I+D incentivos para a contratación de mulleres científicas e tecnólogas.
2. Revisar os procedementos de contratación e de promoción no sistema universitario e no sistema científico e tecnolóxico en xeral, a fin de identificar aquelas cláusulas e/ou situacións de discriminación de xénero, directa ou indirecta, elaborando propostas de modificación nos casos nos que se detecten discriminacións.
3. Incluír cláusulas que promovan a incorporación e igualdade das mulleres no ámbito científico e tecnolóxico nos convenios e contratos que asine a Xunta de Galiza con universidades e organismos públicos deste ámbito.
4. Elaborar un programa específico para o ámbito empresarial que promova a contratación de mulleres no I+D+i naqueles sectores nos que se atopan infra-representadas.


Santiago de Compostela, 2 de novembro de 2010.

Asdo.: Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz s. do G.P. do BNG.

Henrique Viéitez Alonso

Deputado do G.P. do BNG.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 02/11/2010 17:27**  
**Nº Rexistro: 53531**  
Data envío: 02/11/2010 17:27:12.676

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Belén Pontón Mondelo na data 02/11/2010 17:26:35**

**Henrique Viéitez Alonso na data 02/11/2010 17:26:38**



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado **José Manuel Lage Tuñas**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión.**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

### Exposición de Motivos

Os socialistas galegos temos defendido en moitas ocasións a importancia de poñer en valor o noso patrimonio histórico e cultural, e a necesidade de que os poderes públicos adoitaran decisións encamiñadas a acadar este obxectivo amplamente compartido pola sociedade galega.

Neste sentido consideramos fundamental o recoñecemento do Castro de Baroña, sito no concello de Porto do Son (A Coruña) como Ben de Interese Cultural (BIC), e así llo fixemos saber durante a pasada legislatura ao goberno galego presidido por Emilio Pérez Touriño, que amosou receptividade diante das nosas propostas e abriu un camiño necesario para que se procedera ao recoñecemento do citado castro.

Despois de dezasete meses de Goberno presidido por Alberto Núñez Feijóo con ausencia de noticias sobre a xestión do Goberno galego nesta materia, entendemos que é preciso facer un balance da situación na que se atopa o recoñecemento cultural do Castro de Baroña e por iso volvemos a manifestar interese, unha vez máis, pola situación do expediente administrativo para a correspondente declaración BIC por parte da Xunta de Galicia.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

**O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a tramitar o correspondente expediente para a declaración do Castro de Baroña, sito no concello de Porto do Son (A Coruña), como Ben de Interese Cultural (BIC).**

Pazo do Parlamento, 2 de novembro de 2010

Asdo.: José Manuel Lage Tuñas  
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín M<sup>a</sup> Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia



Grupo Parlamentario

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Lage Tuñas na data 02/11/2010 17:29:08**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 02/11/2010 17:29:13**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 03/11/2010 16:30  
**Nº Rexistro: 53603**  
Data envío: 03/11/2010 14:05:42.790


## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos seus deputados **Carlos Aymerich Cano** e **Carme Adán Villamarín**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Proposición non de lei** para o seu tratamento en **Comisión**, relativa ao recorte do cadro de profesores no IES “Agra de Leborís” de Laracha.

A negativa da Consellaría de Educación a cubrir unha vacante de profesor de matemáticas no IES “Agra de Leborís” da Laracha está a provocar a redución a liña 3 dos cursos de 1º e 2º da ESO que o ano pasado contaban cunha aula máis. O resultado é a masificación dunha aulas xa saturadas e nas que o número de alumnos con necesidades educativas especiais, extranxeiros e o elevado índice de fracaso escolar aconsellan precisamente o contrario: manter a liña 4 e incrementar o número de docentes. Non é primeira vez que a ofensiva do PP contra o ensino público de calidade alcanza o IES “Agra de Leborís”. Lémbrese que no curso pasado eliminouse unha unidade de 2º da ESO co resultado, previsíbel, dun maior fracaso escolar. En conclusión á parte de excluir o “Agra de Leborís” do “Abalar” e doutros programas educativos específicos o PP reduce profesores, masifica as aulas, non atende a diversidade e non actúa contra o incremento do fracaso escolar que as súas políticas de recorte provocan.

Dado que até o de agora as demandas de nais, pais e profesores non foron atendidas pola Administración educativa, apréséntase a seguinte Proposición non de lei:

“O Parlamento insta á Xunta a cubrir a vacante dun profesor de matemáticas no IES Agra de Leborís mentendo a liña 4 en 1º e 2º de ESO”.



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 03/11/2010 16:30**  
**Nº Rexistro: 53603**  
Data envío: 03/11/2010 14:05:42.790

Santiago de Compostela, 3 de novembro de 2010.

Asdo.: Carlos Aymerich Cano

Portavoz do G.P. do BNG

Asdo.: Carme Adán Villamarín

Deputada do G.P. do BNG.

**Asinado dixitalmente por:**

**Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 03/11/2010 14:02:13**

**María do Carme Adán Villamarín na data 03/11/2010 14:02:19**



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa das deputadas **Isabel Sánchez Montenegro** e **Tereixa Paz Franco** e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei na Comisión 7ª Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**.

A Lei 9/2009 de Conservación da Natureza de Galiza crea o Catálogo Galego de Especies Ameazadas regulado polo Decreto 88/2007.


Con motivo da regulación do Catálogo Galego de Especies Ameazadas, créase o Observatorio Galego da Biodiversidade, que se configura como órgano consultivo e de asesoramento da Xunta de Galiza.

O Observatorio Galego da Biodiversidade créase e régulase mediante o Decreto 260/2007, que afirma no seu artigo 4º punto 1:

” O Observatorio Galego da Biodiversidade reunirase en sesión ordinaria, como mínimo, unha vez ao ano. Poderá tamén reunirse en sesión extraordinaria cando a presidencia do Observatorio Galego da Biodiversidade o estime oportuno.”

Este organismo consultivo, integrado polas 3 universidades galegas, ecoloxistas e a administración, leva sen reunirse 2 anos e 3 meses cando por lei debe facelo anualmente.

ADEGA, a SGHN e a USC, teñen solicitado, en reiteradas ocasións, a convocatoria dunha reunión do Observatorio Galego da Diversidade para tratar temas chave para a conservación da nosa biodiversidade.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Mais, a día de hoxe, esas peticións seguen sen ser atendidas pola Dirección Xeral de Conservación da Natureza da Consellería de Medio Rural.

Polo exposto, formulamos a seguinte Proposición non de Lei:

**“O Parlamento de Galiza insta á Xunta de Galiza a convocar coa maior brevidade e urxencia o Observatorio Galego da Biodiversidade, cumprindo así o disposto no Artigo 4º punto 1 do Decreto 260/2007. “**

Santiago de Compostela, 3 de Novembro de 2010


**Asdo. Isabel Sánchez Montenegro**

**Tereixa Paz Franco**

Deputadas do G.P. do BNG

**Carlos Aymerich Cano**

Portavoz do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Isabel Sánchez Montenegro na data 03/11/2010 17:57:31**

**María Tereixa Paz Franco na data 03/11/2010 17:57:39**

**Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 03/11/2010 17:57:41**



## **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

### **Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz** e á iniciativa das deputadas e deputado, **Emma Alvarez Chao, Isabel García Pacín, Rosa Oubiña Solla e Daniel Varela Suanzes-Carpegna**, ao abeiro do disposto no Artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan ante esa Mesa, a seguinte **Proposición Non de Lei para o seu debate na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes**.

### **Exposición de Motivos**

As Illas de Ons e Onza son bens de dominio público, de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia, incluídos no Parque Nacional das Illas Atlánticas.

Na Illa de Ons existe unha serie de inmobles habitados, de xeito permanente ou estacional polos que foran colonos no seu día e polo persoal das diversas instalacións necesarias para a xestión da Administración tanto da Xunta como do Estado (faro).

A Consellería do Medio Rural como xestor deste ben patrimonial da Xunta subministra os servicios básicos tales como auga, saneamento recollida de residuos e luz, para o que ten que destinar un importante volume de recursos, sen por elo poder garantir a suficiente calidade dalgúns deles tales como a electricidade que se produce mediante xeradores de gasoil, susceptibles de avarías e variacións de tensión ademais do risco de vertidos, contaminacións e accidentes que supón o emprego do gasóleo para a produción eléctrica.



## Grupo Parlamentario Popular de Galicia

É por elo que entre as actuacións aprobadas no convenio suscrito entre o Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural y Medio Marino e a Xunta de Galicia sobre actuacións da Dirección Xeral de Medio Natural e Política Forestal en Materia de Rede Natura 2000, tense incluído un proxecto de “Actuacións e infraestructuras no Parque Natural Illas Atlánticas” que contempla o cableado submarino ata a Illa de Ons para garantir aos illáns un servizo cunha calidade axeitada pois constituirá una importante mellora nas condicións da calidade de vida da poboación local á vez que suporá una mellora e racionalización na xestión dos recursos destinados ao parque nacional.

O Secretario de Estado de Medio Rural y Agua do Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural y Marino e o Conselleiro de Medio Rural, subscribiron o convenio do que estamos a falar, relativo a actuacións de conservación na Rede Natura 2000, con data 16 de outubro de 2009 que foi publicado no BOE nº 276, mediante resolución do Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural y Marino, cunha inversión de 20.888.992 € por parte do Ministerio e 4.000.000 € pola comunidade autónoma, previstas en catro anualidades que son as que seguen:

Anualidade	Ministerio	Xunta
2009	2.222.248 €	1.000.000 €
2010	6.222.248 €	1.000.000 €
2011	6.222.248 €	1.000.000 €
2012	6.222.248 €	1.000.000 €
Total	20.888.992 €	4.000.000 €

En relación a este asunto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte Proposición Non de Lei, para debater en Comisión.

“O Parlamento de Galicia, insta á Xunta de Galicia e ao Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural y Marino a axilizar a tramitación e execución do proxecto de “Actuacións e infraestructuras no Parque Natural Illas Atlánticas” que contempla o cableado submarino ata a Illa de Ons”.

Santiago de Compostela, 03 de novembro de 2010



**Grupo Parlamentario  
Popular de Galicia**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 03/11/2010 18:22  
**Nº Rexistro: 53658**  
Data envío: 03/11/2010 18:22:52.855

**Asinado dixitalmente por:**

**Manuel Santos Ruíz Rivas na data 03/11/2010 18:18:10**

**María Emma Álvarez Chao na data 03/11/2010 18:18:14**

**María Isabel García Pacín na data 03/11/2010 18:18:23**

**Rosa Oubiña Solla na data 03/11/2010 18:18:30**

**Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 03/11/2010 18:18:38**





## **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

### **Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, advertido un erro nos documentos con número de rexistro, **53658** e **53659**, solicita se corrixaan ditas iniciativas, no seguinte senso:

Débese corrixir, en ambos documentos, na parte resolutiva:

Onde di: "...insta á Xunta de Galicia e ao Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural y Marino a..."

Debe dicir: "...insta á Xunta de Galicia a que se dirixa ao Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural y Marino para..."

Santiago de Compostela, 5 de Novembro de 2010

**Asinado dixitalmente por:**

**Manuel Santos Ruíz Rivas na data 05/11/2010 13:33:38**

**María Emma Álvarez Chao na data 05/11/2010 13:33:43**

**María Isabel García Pacín na data 05/11/2010 13:33:53**

**Rosa Oubiña Solla na data 05/11/2010 13:34:00**

**Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 05/11/2010  
13:34:12**



## Grupo Parlamentario Popular de Galicia

### Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz e á iniciativa das súas deputadas e deputados, María Seoane Romero, M<sup>a</sup> Ángeles Díaz Pardo, Natalia Barros Sánchez, Pablo Cobián Fernández de la Puente, Javier Escribano Rodríguez, Carlos Negreira Souto, Marisol Piñeiro Martínez, Paula Prado del Río, Pedro Puy Fraga, Alberto Sueiro Pastoriza e Pedro M. Arias Veira, ó abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, formulan a seguinte Proposición Non de Lei para o seu debate en Comisión.

### Exposición de Motivos

A implantación do servizo de transporte nocturno a lugares de lecer é unha boa medida que tivo a súa orixe na aprobación do Decreto 80/2005 de 31 de marzo aprobado polo Goberno do Partido Popular, polo que se regulan os servizos de transporte público a lugares de lecer, que cubría o baleiro normativo existente relativo a este tipo de autorizacións.

A situación económica que estamos a atravesar fai imposible que este servizo se poida seguir financiando tal e como está concibido na actualidade. Situación cuxas consecuencias foron agravadas pola errática política do Partido Socialista Obrero Español no Goberno central que asfixia as Comunidades Autónomas, especialmente a algunhas, como é o caso de Galicia.

Nos enfrontamos a uns orzamentos 2011 que, por culpa da pésima xestión do goberno de Zapatero, se verán mermados en 1.500 millóns de euros.

Consideramos que en tempos como os que corren as rutas de Noitebús deben ser obxecto de análise sobre a conveniencia de que sexan maioritariamente subvencionados con cargo as impostos pagados por tódolos galegos.

Entendemos que a Xunta de Galicia debe estudar as posibilidades



## *Grupo Parlamentario Popular de Galicia*

de seguir prestando o servizo dunha forma racional e sempre que as condicións e as dispoñibilidades económicas da Administración autonómica o permitan.

O Decreto aprobado por un goberno popular segue estando vixente, polo que as empresas de transporte poderán seguir prestando este servizo, especialmente nas rutas cun elevado índice de usuarios e o custo do billete podería rebaixarse coa colaboración de asociacións e empresas de hostalería, que son as principais beneficiarias de que os mozos poidan trasladarse aos seus locais.

En 2005 a mocidade galega tivo que sufrir o afán revisionista do goberno bipartito, que daquela si suprimiu programas como o AGORA MOTO ou NON SEXAS DUMMIE.

Coa chegada dun novo goberno popular, reiniciáronse os programas de concienciación para unha conducción segura, como a campaña que achegou a máis de 40.000 mozos durante este verán a importancia de conducir cunha taxa 0,0 de alcol, mediante accións directas para lograr que a mocidade desenvolva un espírito crítico fronte as súas accións.

Tamén se levaron a cabo talleres de seguridade viaria nos campamentos xuvenís dependentes da Xunta e nestes meses de outubro e novembro se están a organizar, no circuío de Forcarei, cursos de conducción segura. A seguridade viaria é ademais unha das temáticas principais que abordan os técnicos dos centros Quérote +.

Todas estas medidas están encamiñadas a facer fincapé de cara á erradicación de condutas perigosas ó volante na poboación máis nova. Prestar especial atención á mocidade galega para que adquira hábitos de conducción segura faise prioritario e a Xunta actual traballa en prol deste obxectivo.

Por todo o exposto,



**Grupo Parlamentario  
Popular de Galicia**

“O Parlamento insta á Xunta de Galicia a procurar fórmulas que fagan posible a implicación dos diferentes actores para o mantemento sostible do servizo de transporte do Noitebús, conforme á demanda real e ás posibilidades económicas derivadas do escenario orzamentario e a continuar desenvolvendo campañas de concienciación en seguridade viaria especialmente destinadas á mocidade galega.”

Santiago de Compostela, 4 de novembro de 2010

**Asinado dixitalmente por:**

**Manuel Santos Ruíz Rivas na data 04/11/2010 11:36:25**

**Maria Seoane Romero na data 04/11/2010 11:36:35**

**María Ángeles Díaz Pardo na data 04/11/2010 11:36:40**

**Natalia Barros Sánchez na data 04/11/2010 11:36:45**

**Pablo Cobián Fernández de la Puente na data 04/11/2010 11:36:50**

**Javier Escribano Rodríguez na data 04/11/2010 11:36:56**

**Carlos Negreira Souto na data 04/11/2010 11:37:05**

**María de la Soledad Piñeiro Martínez na data 04/11/2010 11:37:12**

**Paula Prado del Río na data 04/11/2010 11:37:17**

**Pedro Puy Fraga na data 04/11/2010 11:37:22**

**Alberto Sueiro Pastoriza na data 04/11/2010 11:37:26**

**Pedro Manuel Arias Veira na data 04/11/2010 11:37:30**



**Grupo Parlamentario  
Popular de Galicia**

## **Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz** e á iniciativa da deputada e deputado, **Emma Alvarez Chao** e **José Manuel Balseiro Orol**, ao abeiro do disposto no Artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta a seguinte **Proposición Non de Lei para o seu debate en Comisión**.

### **Exposición de Motivos**

O Temporal Doris que afectou a Mariña de Lugo os días 10 e 11 de xullo e causou múltiples danos causou entre outros deterioros graves na Ponte de Arante construída no 1923 e que se atopa no trazado do Camiño de Santiago ao carón da capela das Virtudes do s. XV, unha edificación inventariable como ben patrimonial.

Dende que se detectaron os danos as propostas de actuación sobre a infraestrutura foron distintas por parte da Dirección Xeral de Patrimonio partidaria da restaurala atendendo a consideracións técnicas e de concordancia có entorno e da Excm. Deputación Provincial de Lugo partidaria da demolición sen xustificacións técnicas que avalaran o proxecto presentado.

A falta de acordo por parte de ámbalas dúas partes trae como consecuencia notables trastornos a cidadáns e visitantes polo desvío do paso e do tráfico por estar inutilizada esta conexión entre os concellos ribadense e trabadense. Os trastornos son varios: dificultades á hora de trasladar féretros, desvío por unha ruta non sinalizada dos peregrinos que utilizan o Camiño Norte, uso de pistas alternativas non adaptadas para o transporte derivado da explotación madeireira ou da industria láctea, traslado do recorrido do transporte escolar ademais do atraso de media hora que supón diariamente aos veciños que a teñen que bordear para facer os seus desprazamentos diarios.



## **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

Finalmente o 28 de outubro, tras unha reunión de representantes e técnicos de ambas administracións acordase a recuperación da Ponte de Arante respetando a súa estrutura orixinaria. Pero, tan só un día despois trascende un informe de Augas de Galicia que rexeita de maneira expresa a posibilidade de restauración e mantemento da ponte coa tipoloxía actual.

En relación a este asunto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte Proposición Non de Lei, para o seu debate en Comisión.

“O Parlamento de Galicia, insta á Xunta de Galicia a:

Levar a cabo cantas medidas e acordos sexan necesarios para axilizar á maior brevidade posible o arranxo de A Ponte de Arante no Concello de Ribadeo atendendo a criterios técnicos”.

Santiago de Compostela, 04 de novembro de 2010

**Asinado dixitalmente por:**

**Manuel Santos Ruíz Rivas na data 04/11/2010 11:33:18**

**María Emma Álvarez Chao na data 04/11/2010 11:33:23**

**José Manuel Balseiro Orol na data 04/11/2010 11:33:33**



**Grupo Parlamentario  
Popular de Galicia**

## **Á Mesa do Parlamento**

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e a iniciativa dos deputados Román Rodríguez González, Jaime Castiñeiras Broz, Alejandro Gómez Alonso, Rosa Oubiña Solla, Jesus Goldar Guimil e José López Campos, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan a seguinte Proposición non de Lei para o seu debate en Comisión.

O xa extinto Ministerio de Vivenda recentemente ven de modificar o Plan de Vivenda 2009-2012. Esta modificación foi levada a cabo sen ningún tipo de negociación previa coas CCAA, polo que veu a introducir unha serie de disfuncións nos programas das diferentes autonomías.

Ademais, as medidas adoptadas non fixeron unha análise das características y especificidades de cada autonomía, de xeito que non se tivo en conta nin o prezo medio das vivendas, nin a evolución do mercado inmobiliario, nin a demanda de vivenda protexida de cada autonomía, nin tampouco a execución dentro de cada comunidade das liñas programáticas do Plan de Vivenda.

Neste senso Galicia, ademais da retirada de fondos económicos por parte do Ministerio, vese dobremente afectada, pois algunha das medidas adoptadas prexudica as liñas estratéxicas da política autonómica de vivenda. É o caso da supresión da Axuda Directa á compra de Vivenda Protexida, que dun xeito evidente penaliza a aqueles demandantes de vivendas de promoción autonómica; ameazando á vez o interese que para un demandante pode ter a oferta de vivenda pública.

En Galicia esta situación tórnase especialmente grave tendo en conta que o prezo medio da vivenda se atopa por debaixo da media nacional e que esta oferta pode contraerse notablemente ó toparse cuns umbrais de custe moi semellantes á oferta puramente privada



## **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

na meirande parte dos concellos do país. Esta situación inviabiliza esta área de acción pública coa conseguinte repercusión, ademais, no mercado laboral, ó ser o mercado de vivenda protexida uns dos sectores no que a crise inmobiliaria ten unha menor repercusión directa.

Por este motivo,

“O Parlamento insta á Xunta de Galicia a dirixirse ó Goberno do Estado para a non supresión da AXUDA DIRECTA Á COMPRA DE VIVENDA PROTEXIDA, para aquelas autonomías que, como Galicia, contan cuns prezos de vivenda por debaixo da media estatal.”

Santiago de Compostela, 4 de novembro de 2010

**Asinado dixitalmente por:**

**Manuel Santos Ruíz Rivas na data 04/11/2010 11:59:42**

**Román Rodríguez González na data 04/11/2010 11:59:49**

**Jaime Castiñeira Broz na data 04/11/2010 12:00:55**

**Alejandro Gómez Alonso na data 04/11/2010 12:01:05**

**Rosa Oubiña Solla na data 04/11/2010 12:01:09**

**Jesús Antonio Goldar Güimil na data 04/11/2010 12:01:13**

**José Carlos López Campos na data 04/11/2010 12:01:18**

Pazo do Parlamento ♦ Rúa do Hórreo, s/n  
Telf.: 981 551 510 ♦ Fax: 981 551 422 ♦ e-mail: gp-pp@parlamentodegalicia.es  
15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA





**Grupo Parlamentario  
Popular de Galicia**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 04/11/2010 12:10**  
**Nº Rexistro: 53679**  
Data envío: 04/11/2010 12:10:21.030

Pazo do Parlamento ♦ Rúa do Hórreo, s/n  
Telf.: 981 551 510 ♦ Fax: 981 551 422 ♦ e-mail: [gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado **José Manuel Lage Tuñas**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión**, co obxecto de que a Xunta de Galicia impulse o saneamento e a depuración das augas residuais de Noia (A Coruña).

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

## Exposición de Motivos

O concello de Noia (A Coruña) leva agardando máis de trinta anos pola limpeza e rexeneración da ría, actuación moi demandada e reivindicada pola inmensa maioría da cidadanía noiesa, sendo fundamental o saneamento e depuración das augas residuais.

Prodúcense continuos retrasos na tramitación do proxecto de saneamento froito do rexeitamento dos proxectos remitidos pola Xunta de Galicia por parte do Partido Popular e do Bloque Nacionalista Galego, o que ten impedido ter executado unha actuación moi necesaria.

Agora o concello de Noia está agardando polo novo proxecto redactado novamente polo departamento de Medio Ambiente do Goberno autonómico e que foi anunciado fai meses polo titular da consellería correspondente. Acumúlanse os retrasos e só se coñecen anuncios propagandísticos que non teñen soporte económico nin tramitación administrativa que permita a inmediata execución dunha actuación vital para a economía noiesa.

Cabe recordar que desde fai máis de dous anos o goberno local de Noia xestionou coa Xunta de Galicia a redacción dun proxecto integral para o saneamento da vila de Noia, pero atopouse cos atrancos dos grupos políticos da oposición.

A Xunta de Galicia baixo a dirección do presidente Touriño, e dende o departamento de Augas de Galicia redactou un proxecto de saneamento e dispuxo un compromiso orzamentario de case seis millóns de euros para unha actuación a desenvolver en dúas fases.



Grupo Parlamentario

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

No primeiro trimestre do ano 2009 o alcalde de Noia tramitou o citado plan para a súa aprobación polo pleno municipal pero os grupos municipais do PP e BNG bloquearon o proxecto e impediron a súa tramitación, perdendo Noia a oportunidade dunha importante inversión xa comprometida polo Goberno da Xunta de Galicia.

Xa durante o ano 2010 e baixo a dirección do actual Goberno presidido por Alberto Núñez Feijóo, novamente o departamento de Augas de Galicia volve a redactar un novo proxecto de saneamento para Noia, e unha vez máis o alcalde de Noia tramita o citado proxecto para a súa aprobación polo pleno municipal.

De forma sorpresiva o Partido Popular de Noia xunto ao BNG volven a opoñerse a un novo proxecto de saneamento, esta vez redactado xa baixo a directriz política dun Goberno galego dirixido polo Partido Popular.

Despois de terse bloqueado e impedido a execución de dous proxectos de saneamento da vila de Noia durante os últimos dous anos, o Goberno de Galicia ten anunciado, en diversas ocasións ao longo do último ano 2010, a remisión dun novo proxecto ao Goberno local de Noia para unha nova tramitación diante do pleno municipal.

Os socialistas galegos pedímoslle ao Goberno galego que remita con urxencia o novo proxecto xa redactado pola Xunta de Galicia para poder axilizar a súa tramitación.

Cabe recordar a riqueza marisqueira da ría de Noia é a principal fonte de ingresos da economía local e comarcal xa que estamos a falar dun sector que mobiliza de xeito directo preto de 2.000 postos de traballo ademais dos indirectos que se derivan desta actividade económica.

É preciso explicar ademais que a Confraría de Noia factura entre 11 e 13 millóns de euros pola actividade marisqueira e que é fundamental que non se retrase máis o proxecto de saneamento e depuración de auga residuais e por iso lle pedimos ao goberno de Galicia que incluíra nos orzamentos do ano 2011 unha partida para sufragar o saneamento da vila de Noia.



Grupo Parlamentario

Noia non se entendería hoxe en día sen a súa actividade principal que é o marisqueo e por iso é necesario que se actúe con responsabilidade e pensando no interese xeral, para o que consideramos prioritario incluír unha partida económica que asegure no 2011 a execución do proxecto de saneamento.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1.-Remitir ao Concello de Noia (A Coruña) o proxecto de saneamento e depuración das augas residuais da vila de Noia co obxecto de que o goberno local de Noia poida proceder á súa tramitación diante do pleno da Corporación Municipal antes de que finalice o ano 2010.

2.- Incluír na lei de orzamentos do ano 2011 da Xunta de Galicia unha partida económica específica para asegurar a completa execución do proxecto de saneamento e depuración, tendo en conta o retraso acumulado dende finais de 2008 no que xa estaba prevista esta actuación por parte do anterior Goberno da Xunta de Galicia.

Pazo do Parlamento, 04 de novembro de 2010

Asdo.: José Manuel Lage Tuñas  
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín M<sup>a</sup> Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Lage Tuñas na data 04/11/2010 13:41:32**



Grupo Parlamentario

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 04/11/2010 13:41:38**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**José Tomé Roca e Modesto Pose Mesura, Carmen Acuña do Campo e Beatriz Sestayo Doce**, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 5ª**.

O DOG do 21 de xaneiro de 2010, publicou a Orde do 31 de decembro de 2009, pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a realización de actividades de información, orientación e busca de emprego.

Polo que antecede, os deputados e deputadas que asinan, formulan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:


- 1.<sup>a</sup>) Dende a entrada en vigor da orde da convocatoria e ata o día 30 de setembro, cantas citas de orientación se fixeron?
- 2.<sup>a</sup>) Cantos demandantes de emprego participaron nelas realmente?
- 3.<sup>a</sup>) No mesmo período de tempo, ¿cantos Itinerarios Personalizados de Inserción se comprometeron?

Pazo do Parlamento, 28 de outubro de 2010

Asdo: José Tomé Roca  
Modesto Pose Mesura  
María Carmen Acuña do Campo  
Beatriz Sestayo Doce  
Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**



 Grupo Parlamentario

**José Tomé Roca na data 28/10/2010 19:33:53**

**Modesto Pose Mesura na data 28/10/2010 19:34:01**

**María Carmen Acuña Docampo na data 28/10/2010 19:34:07**

**Beatriz Sestayo Doce na data 28/10/2010 19:34:12**

.....  
Partido dos  
Socialistas  
de Galicia  
.....



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**José Tomé Roca e Modesto Pose Mesura, María Carmen Acuña do Campo e Beatriz Sestayo Doce**, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** na **Comisión 5ª**.

O DOG do 21 de xaneiro de 2010, publicou a Orde do 31 de decembro de 2009, pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a realización de actividades de información, orientación e busca de emprego.

O artigo 2 desta orde establece as entidades ás que se lles pode conceder axudas para orientación laboral, pero pola información da que dispoñemos, o que realmente se concedeu non se adecúa ao que estipula o propio artigo 2 da orde.

Polo que antecede, os deputados e as deputadas que asinan, formulan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1.ª) Que criterios seguiu a Consellería de Traballo e Benestar para realizar o reparto que fixo de orientadores para 2010?

2.ª) Que orzamento se lle concedeu a cada concello de Galicia para orientación laboral en 2010?

Pazo do Parlamento, 14 de outubro de 2010

Asdo: José Tomé Roca

Modesto Pose Mesura

María Carmen Acuña do Campo

Beatriz Sestayo Doce

Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia





Grupo Parlamentario

**Asinado dixitalmente por:**

**José Tomé Roca na data 28/10/2010 18:20:37**

**Modesto Pose Mesura na data 28/10/2010 18:20:45**

**María Carmen Acuña Docampo na data 28/10/2010 18:20:51**

**Beatriz Sestayo Doce na data 28/10/2010 18:20:54**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

**José Tomé Roca e Abel Losada Alvarez, Concepción Burgo López e María Quintas Alvarez**, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte pregunta para a súa resposta **oral en Comisión 6ª**.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Nunha recente visita que fixo a Lugo o Sr. presidente da Xunta o pasado día 18 de outubro, declarou que ían aumentar as partidas orzamentarias para o Plan Impulsa Lugo para o ano 2011, pasando dos 12 millóns de euros en 2010 a 26,7 en 2011.

Declarou tamén que ata esa data, que o Plan Impulsa Lugo xa xerara un investimento de 103 millóns de euros, que contribúen a crear e manter 400 empregos.

Igualmente manifestou que as axudas máximas poderían chegar ata o 50% do investimento a fondo perdido.

Polo exposto, os deputados e as deputadas que asinan, formulan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1.ª) Dos 12 millóns con que estaba dotado, cal foi a contía total que o Plan Impulsa Lugo concedeu a fondo perdido ás empresas que investiron na provincia de Lugo en 2010.

2.ª) Que contía foi para investimentos novos de empresas de nova instalación?

3.ª) En que localidades están radicadas as empresas beneficiarias, sexan novas ou xa existentes?

4.ª) Como se repartiron os investimentos dos 103 millóns de euros dos que falou o presidente da Xunta?

5.ª) A que sectores económicos pertencen as empresas beneficiarias das axudas?



Grupo Parlamentario

6.<sup>a</sup>) Que porcentaxes de axudas recibiu cada unha das empresas obxecto destas?

7.<sup>a</sup>) Cales foron os criterios para asignar a porcentaxe das axudas?

8.<sup>a</sup>) Dos 400 empregos aos que se referiu, cantos son empregos novos?

9.<sup>a</sup>) Que empresas crearon novos empregos?

10.<sup>a</sup>) En que empresas se axudou a manter postos de traballo?

11.<sup>a</sup>) Rexeitouse algunha axuda solicitada por algunha empresa, e se foi así, cales foron os motivos?

12.<sup>a</sup>) Que tipo de empresas poderán chegar ata o 50% das axudas a fondo perdido?

Pazo do Parlamento, 28 de outubro de 2010

Asdo: José Tomé Roca

Abel Losada Alvarez

Concepción Burgo López

María Quintas Alvarez

Deputados e deputadas do G. P. Dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**José Tomé Roca na data 28/10/2010 18:10:47**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 28/10/2010 18:10:50**

**María Concepción Burgo López na data 28/10/2010 18:10:55**



Grupo Parlamentario

**María Remedios Quintas Álvarez na data 28/10/2010 18:11:03**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

**José Tomé Roca e Abel Losada Alvarez, Concepción Burgo López e María Quintas Alvarez**, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte pregunta para a súa resposta **oral en Comisión 6ª**.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Nunha recente visita que fixo a Lugo o Sr. presidente da Xunta o pasado día 18 de outubro, declarou que ían aumentar as partidas orzamentarias para o Plan Impulsa Lugo para o ano 2011, pasando dos 12 millóns de euros en 2010 a 26,7 en 2011.

Declarou tamén que ata esa data, que o Plan Impulsa Lugo xa xerara un investimento de 103 millóns de euros, que contribúen a crear e manter 400 empregos.

Igualmente manifestou que as axudas máximas poderían chegar ata o 50% do investimento a fondo perdido.

Polo exposto, os deputados e as deputadas que asinan, formulan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1.ª) Dos 12 millóns con que estaba dotado, cal foi a contía total que o Plan Impulsa Lugo concedeu a fondo perdido ás empresas que investiron na provincia de Lugo en 2010.

2.ª) Que contía foi para investimentos novos de empresas de nova instalación?

3.ª) En que localidades están radicadas as empresas beneficiarias, sexan novas ou xa existentes?

4.ª) Como se repartiron os investimentos dos 103 millóns de euros dos que falou o presidente da Xunta?

5.ª) A que sectores económicos pertencen as empresas beneficiarias das axudas?



Grupo Parlamentario

6.<sup>a</sup>) Que porcentaxes de axudas recibiu cada unha das empresas obxecto destas?

7.<sup>a</sup>) Cales foron os criterios para asignar a porcentaxe das axudas?

8.<sup>a</sup>) Dos 400 empregos aos que se referiu, cantos son empregos novos?

9.<sup>a</sup>) Que empresas crearon novos empregos?

10.<sup>a</sup>) En que empresas se axudou a manter postos de traballo?

11.<sup>a</sup>) Rexeitouse algunha axuda solicitada por algunha empresa, e se foi así, cales foron os motivos?

12.<sup>a</sup>) Que tipo de empresas poderán chegar ata o 50% das axudas a fondo perdido?

Pazo do Parlamento, 28 de outubro de 2010

Asdo: José Tomé Roca

Abel Losada Alvarez

Concepción Burgo López

María Quintas Alvarez

Deputados e deputadas do G. P. Dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**José Tomé Roca na data 28/10/2010 18:10:47**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 28/10/2010 18:10:50**

**María Concepción Burgo López na data 28/10/2010 18:10:55**



Grupo Parlamentario

**María Remedios Quintas Álvarez na data 28/10/2010 18:11:03**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Beatriz Sestayo Doce, Carmen Acuña do Campo, Modesto Pose Mesura e José Tomé Roca**, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**.

O Concello de Ferrol, leva priorizando políticas sociais e de benestar para a cidade dende a entrada do Partido Socialista ao Goberno da mesma. A elaboración dun Plan Estratéxico “Ferrol Solidario” elaborado ca participación e aprobación unánime do Consello social, ou a entrada no Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar a cambio do compromiso de construír infraestruturas sociais esenciais para a cidade, son algúns dos puntos transcendentais para traballar na igualdade de oportunidades entre todas as persoas.

O certo é que o cambio de Goberno na Xunta de Galicia supuxo un enorme atranco ás políticas sociais e ao desenvolvemento das infraestruturas que as posibilitan. En efecto, ata ao da agora, a Xunta de Galicia só inaugurou aquelas infraestruturas que xa estaban iniciadas polo Goberno autonómico anterior de acordo co Goberno municipal. Non existe nin un só paso novo, ningún.

Unha das apostas claras do Goberno municipal dende a toma de posesión foi as políticas proactivas de inclusión social, constituíndo un equipo de persoas neste senso, elaborando o primeiro estudo da cidade sobre persoas sen teito, apostando por medidas claras de inclusión social. Deste xeito, nos compromisos acadados na firma do Convenio de adhesión ao Consorcio Galego figuraba a construción dun Centro de Inclusión social. A tal efecto, dende o concello de Ferrol se trasladou esta petición dende mesmo a toma de posesión do novo Goberno sen que exista ningún tipo de resposta ata o momento.





Grupo Parlamentario

En vista do tempo transcorrido, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

1. Vai cumprir o Goberno galego o compromiso acadado polo anterior Goberno da Xunta de Galicia da construción dun Centro de Inclusión en Ferrol?
2. En que prazo se iniciarán os trámites para a construción do Centro de Inclusión en Ferrol?

Pazo do Parlamento, 28 de outubro de 2010

Asdo.: Beatriz Sestayo Doce  
Carmen Acuña do Campo  
Modesto Pose Mesura  
José Tomé Roca

Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia


**Asinado dixitalmente por:**

**Beatriz Sestayo Doce na data 28/10/2010 19:57:16**

**María Carmen Acuña Docampo na data 28/10/2010 19:57:20**

**Modesto Pose Mesura na data 28/10/2010 19:57:27**

**José Tomé Roca na data 28/10/2010 19:57:33**



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 29/10/2010 10:46  
Nº Rexistro: 53315  
Data envío: 29/10/2010 10:46:43.323

## Á Mesa do Parlamento


**Ana Luisa Bouza Santiago e Carlos Aymerich Cano**, deputada e deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Comisión**, relativa á situación das listas de espera no Centro de especialidades do Ventorrillo d'A Coruña.

En xullo de 2009 o BNG rexistraba unha pregunta no Parlamento alarmados pola situación das citas no centro de especialidades do Ventorrillo, na Coruña, que se debateu na Comisión 5ª en Setembro do mesmo ano. Naquel momento, en especialidades como neuroloxía ou reumatoloxía estíbbase citando a máis de 6 meses, para ecografías xinecolóxicas a máis dun ano. Xa non se estaban dando citas preferentes para 2009.

Dende aquel debate, a situación non só non mellora senón que empeora cos meses. Na actualidade estase citando en Neuroloxía para 21 meses, Uroloxía e Ecografías para 13 meses e Cirurxía vascular para 12 meses.

A xestión actual de axendas provoca que solicitudes de citas para doentes non prioritarios son anteriores as citas solicitadas antes no tempo para doentes prioritarios, o que provoca agravios comparativos e unha inadecuada xestión das prioridades.

Tampouco mellora a inxente cantidade de persoas que saen do centro sen cita por estar pechadas as axendas e durante moito tempo non saben cando van ser citadas.



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 29/10/2010 10:46  
Nº Rexistro: 53315  
Data envío: 29/10/2010 10:46:43.323

Esta situación afecta a milleiros de persoas da Area sanitaria d'A Coruña, o que leva ao BNG a realizar as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1ª) Coñece o Goberno galego a desviación do tempo real de citación respecto do tempo medio de espera no Centro de Especialidades do Ventorrillo?

2ª) Qué medidas ten previsto o Goberno Galego poñer en marcha para reducir o tempo de espera na atención especializada no Centro de Especialidades do Ventorrillo?

Santiago de Compostela, 29 de outubro de 2010.

Asdo.: Ana Luisa Bouza Santiago

Deputada do G.P. do BNG.

Carlos Aymerich Cano

Portavoz do G.P. do BNG.

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Luísa Bouza Santiago na data 29/10/2010 10:07:58**

**Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 29/10/2010 10:08:04**



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Pablo Xabier López Vidal e María Quintas Alvarez**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa reposta oral en **Comisión**.

Un dos centros residencias docentes da nosa Comunidade Autónoma atópase na cidade das Burgas, a Residencia da Universidade Laboral de Ourense, que ven desenvolvendo de xeito exemplar a labor que ten encomendada dende hai anos.

Así este centro residencial quedou convertido na lexislatura pasada nun centro de referencia en Galicia e a nivel estatal. Pola atención dispensada aos alumnos e alumnas residentes e polas instalacións tanto académicos como deportivas ou de servizos, que grazas a xeración incluso de recursos propios, sufriron unha mellora palpable ano tras ano.

Hoxe lamentablemente é noticia este centro residente polas discrepancias e diverxencias entre os alumnos/as residentes e o persoal que atende o centro coa dirección autoritaria do mesmo.

Nun escrito que contén 160 sinaturas se manifesta un profundo malestar pola aptitude e o trato dispensado polo actual director que ten incluso a día de hoxe cuestionado e recorrido o seu nomeamento.

O escrito entregado a Xefatura Territorial de Educación pon de manifesto un descontento xeneralizado, se denuncia un trato carente de respecto por parte do director do centro, así como un malestar palpable pola forma de actuar tanto no fondo como na forma das súas imperativas decisións. En definitiva un comportamento autenticamente autoritario e cuarteleiro.



Grupo Parlamentario

Dada a preocupación suscitada por esta cuestión nun centro educativo modélico, é polo que o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

1. Que tipo de medidas pensa adoptar a Consellería de Educación diante do conflito xurdido na Residencia da Universidade Laboral de Ourense?
2. Cando tivo coñecemento a inspección educativa da malestar reinante dentro do alumnado con respecto ao comportamento do novo director do centro?
3. Cales foron as razóns que motivaron recentemente o cambio de dirección do centro residencial, sendo este un posto académico?
4. Que medidas pensa adoptar a Consellería responsable para que volva a normalidade e a convivencia a este centro modélico no noso sistema educativo?
5. Se pretenden introducir vellas prácticas educativas propias doutra época e de outros tempos, no sistema que rexe as residencias universitarias?

Pazo do Parlamento, 29 de outubro de 2010

Asdo.: Pablo Xabier López Vidal

María Quintas Alvarez

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Pablo Xabier López Vidal na data 29/10/2010 11:23:35**

**María Remedios Quintas Álvarez na data 29/10/2010 11:23:40**



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

**Beatriz Sestayo Doce, Carmen Acuña do Campo, Modesto Pose Mesura e José Tomé Roca**, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O día 29 de outubro de 2010, ante unha pregunta formulada polo Grupo Parlamentario Socialista sobre as xestións, fases, trámites, proxectos ou procedementos derivados da Lei de Dependencia foron ou van ser encomendadas a empresas privadas, a directora xeral Sra. Coro Piñeiro afirmou que se privatizarían as que se considerasen “necesarias”.

Efectivamente ese termo “necesario” non é inocuo toda vez que precisamente a Lei de Protección de Datos no seu artigo 12 establece que non se considera comunicación de datos o acceso dun terceiro aos datos cando o acceso sexa necesario para a prestación dun servizo ao responsable do tratamento”.

Compre pois saber que considera a Xunta de Galicia como xestións, fases, trámites, proxectos ou procedementos dependentes xa que isto permitirá coñecer a vulneración ou non da Lei de Protección de Datos. A directora xeral, Sra. Coro Piñeiro, afirmaba, como un exemplo, a mecanización de datos como unha das xestións a privatizar, unha xestión que, en opinión do Grupo Parlamentario Socialista, corresponde a Administración Pública e aos empregados e empregadas públicos.

Hai que salientar o íntimo contacto que este exemplo de privatización supón con datos confidenciais das persoas.

En virtude do exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

Que xestións, fases, trámites, proxectos ou procedementos derivados da Lei de Dependencia considera o Goberno galego que é “necesario “ privatizar?

Pazo do Parlamento, 29 de outubro de 2010

Asdo.: Beatriz Sestayo Doce  
Carmen Acuña do Campo  
Modesto Pose Mesura  
José Tomé Roca



Grupo Parlamentario

Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**


**Beatriz Sestayo Doce na data 29/10/2010 12:40:58**

**María Carmen Acuña Docampo na data 29/10/2010 12:41:05**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Modesto Pose Mesura na data 29/10/2010 12:41:11**

**José Tomé Roca na data 29/10/2010 12:41:25**



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 29/10/2010 13:10**  
**Nº Rexistro: 53339**  
Data envío: 29/10/2010 13:10:16.903

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Carlos Aymerich Cano e Fernando Xabier Blanco Alvarez**, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**, relativa ao Plano Demográfico elaborado pola Conselleira de Traballo e Benestar e presentado en Bruxelas o 28 de Outubro de 2010.

Segundo informan os medios de comunicación, a Conselleira de Traballo e Benestar entrevistouse onte en Bruxelas co Comisario de Emprego a quen expuxo o “Pacto Demográfico” promovido pola Xunta de Galiza e que, segundo a Sra. Mato, é actualmente obxecto de debate no Parlamento.

Os deputados asinantes, que representan ao BNG na Comisión Especial criada no Parlamento, descoñecen a existencia de plano ou documento algún elaborado pola Xunta de Galiza. De facto, as únicas actuacións salientábeis a este respecto –paralización do desenvolvemento da rede de escolas infantís, eliminación do servizo de canguros, redución da prestación por fillo a cargo, etc.- da Xunta do PP non favoreceu precisamente a revitalización demográfica nin tampouco a conciliación da vida laboral e familiar.

No proxecto de orzamentos para 2011, o programa de acollemento familiar redúcese nun 63,22% (pasa de 397.000 a 146.000 €) e a axuda complementaria á deducción fiscal por fillos a cargo baixa nun 45,45% (de 4.950.000 a 2.700.000 €).

É mágoa, por outra parte, que a titular de Traballo e Benestar non aproveitase a viaxe para discutir co responsábel comunitario de Emprego que desde que ela está ao fronte do departamento o número de parados en Galiza incrementouse en máis





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 29/10/2010 13:10  
**Nº Rexistro: 53339**  
Data envío: 29/10/2010 13:10:16.903

de 40.000 persoas e se destruíron 74.000 empregos, tendencia que as políticas de axuste social non farán senón agravar.

Así as cousas, fórmulanse as seguintes cuestións:

Cal é o contido do “Pacto Demográfico” presentado pola Conselleira de Traballo e Benestar ao Comisario Europeo de Traballo o pasado día 28 de Outubro en Bruxelas? Cal é a súa dotación orzamental? Cales son os seus obxectivos? Cales as medidas para os acadar? Cal o seu calendario?

Aproveitou a Sra. Mato a viaxe a Bruxelas para buscar ideas coas que combater a destrución de emprego en Galiza?

Santiago de Compostela, 29 de outubro de 2010.

Asdo.: Carlos Aymerich Cano

Asdo.: Fernando Xabier Blanco Alvarez


Deputado do G.P. do BNG

Deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 29/10/2010 13:07:28**

**Fernando Xabier Blanco Álvarez na data 29/10/2010 13:07:31**



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 29/10/2010 13:50  
**Nº Rexistro: 53355**  
Data envío: 29/10/2010 13:50:34.232

## Á Mesa do Parlamento


**Ana Belén Pontón Mondelo**, deputada do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Comisión**, relativa á ampliación da rede Quérote +.

O Director Xeral de Xuventude anunciou en sede parlamentar a intención do seu departamento de ampliar a rede Quérote +. Obviou na súa resposta indicar aspectos relevantes sobre os prazos e recursos que se van destinar a esta ampliación. A fin de seren concretados estes aspectos formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión.

- 1.<sup>a</sup>) Cales son os lugares seleccionados para ampliar a rede Quérote +?
- 2.<sup>a</sup>) Que criterios obxectivos seguiu o Goberno Galego para seleccionar estes espazos?
- 3.<sup>a</sup>) En que prazos se van abrir estas delegacións dos centros Quérote máis?
- 4.<sup>a</sup>) O incremento desta rede vai supoñer a contratación de novo persoal? Que criterios de selección e modalidade contractual vai utilizar a Xunta de Galiza no caso deste novo persoal?
- 5.<sup>a</sup>) Que cantidade vai destinar a Xunta de Galiza a esta ampliación da rede de centros Quérote + no ano 2011? A cargo de que partida orzamentaria?

Santiago de Compostela, 29 de outubro de 2010.

Asdo.: Ana Belén Pontón Mondelo



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 29/10/2010 13:50**  
**Nº Rexistro: 53355**  
Data envío: 29/10/2010 13:50:34.232

Deputada do G.P. do BNG.

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Belén Pontón Mondelo na data 29/10/2010 13:41:14**



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Modesto Pose Mesura, José Tomé Roca, Carmen Acuña do Campo e Beatriz Sestayo Doce**, deputados e deputadas pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

Na documentación dos orzamentos de 2010 figuraban unha relación de Centros de Saúde para o inicio da súa construción ao longo dese ano. Non foi construído ningún deles como é sabido.

O Grupo Parlamentario dos Socialistas chámalle a atención por suposto que non se iniciara a construción de ningún deles, pero, é máis rechamante que en data de 14 de outubro de 2010 que foron “informados” ao Consello da Xunta para licitar e facer no 20011. Nesta relación non figuran algúns dos Centros que figuraban para iniciar no 2010.

En total se prevía construír 51 centros de saúde, ademais dos Centros de Alta resolución do Morrazo, Vigo e Lalín. Se deduce, por tanto, que van con retraso importante e ademais restarían por licitar 32 Centros de Saúde.

Segundo as cifras da documentación orzamentaria, o importe para eses 19 centros de Saúde anunciados, alcanzaría a cifra de 32,4 millóns de euros. A Xunta na súa nota informativa fala de 59,4 millóns de euros de custo total.

Por todas estas razóns, os deputados e as deputadas formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cal é a relación de Centros de Saúde que se ían facer no 2010? Cantos se iniciaron?



Grupo Parlamentario

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

2. Cal é a relación de Centros que aparecían para iniciar no ano 2010 e agora non aparecen para facer no 2011?
3. Cal é o seu mecanismo de financiamento?
4. A que se debe a variación nas cifras de custe que o propio Goberno anuncia?
5. Cumpre a Xunta de Galicia co procedemento establecido legalmente para o desenvolvemento de infraestruturas sanitarias mediante financiamento público - privado?

Pazo do Parlamento, 29 de outubro de 2010

Asdo.: Modesto Pose Mesura  
José Tomé Roca  
Carmen Acuña do Campo  
Beatriz Sestayo Doce  
Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Modesto Pose Mesura na data 29/10/2010 14:18:32**

**José Tomé Roca na data 29/10/2010 14:18:38**

**María Carmen Acuña Docampo na data 29/10/2010 14:18:42**

**Beatriz Sestayo Doce na data 29/10/2010 14:18:51**



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

**Carmen Acuña do Campo e Modesto Pose Mesura**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O Hospital de Piñor conta con máis de 70 camas que se destinan ao coidado de pacientes crónicos.

Os pacientes crónicos necesitan e demandan coidados moi especiais e específicos dada a situación na que se atopa a maioría.

É precisamente sobre o persoal de enfermería, auxiliares e celadores sobre os colectivos de traballadores da sanidade que máis directamente incide ese tipo especial de atención que se dedica aos pacientes crónicos.

Nos centros destinados a atender estas patoloxías os traballadores están moito máis sobrecargados que noutros postos e, iso mesmo, ocorre no caso concreto do Hospital de Piñor.

A Consellería de Sanidade ten afirmado moi rotundamente que pretende a mellora do Hospital de Piñor de Ourense. Ata o punto de que non dubidou en pechalo para acometer nel obras de mellora.

Agora que reabriu este Centro é lóxico pensar que a Consellería ten que ter en conta nesa busca da mellora as dificultades e queixas do persoal dese centro pola sobrecarga de traballo que están a padecer e que dificulta o bo funcionamento do centro.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1. Considera a Consellería de Sanidade que actualmente o Hospital de Piñor conta cunha dotación suficiente de persoal?
2. Cales serían os e as traballadoras que aguantan unha maior sobrecarga debido a tipoloxía dos pacientes?



Grupo Parlamentario

3. Pensa que están eses traballadores nun número adecuado en cada quenda? Consideran a necesidade de ampliar o cadro de persoal do Hospital de Piñor?
4. De ser así, que colectivos incrementarían? En canto e cando sería efectiva esa ampliación?

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Pazo do Parlamento, 28 de outubro de 2010

Asdo.: Carmen Acuña do Campo  
Modesto Pose Mesura  
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María Carmen Acuña Docampo na data 29/10/2010 14:20:48**

**Modesto Pose Mesura na data 29/10/2010 14:20:53**



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

**José Manuel Lage Tuñas**, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Os socialistas galegos temos defendido en moitas ocasións a importancia de poñer en valor o noso patrimonio histórico e cultural, e a necesidade de que os poderes públicos adoitarán decisións encamiñadas a acadar este obxectivo amplamente compartido pola sociedade galega.

Neste sentido consideramos fundamental o recoñecemento do Castro de Baroña, sito no concello de Porto do Son (A Coruña) como Ben de Interese Cultural (BIC), e así llo fixemos saber durante a pasada lexislatura ao Goberno galego presidido por Emilio Pérez Touriño, que amosou receptividade diante das nosas propostas e abriu un camiño necesario para que se procedera ao recoñecemento do citado castro.

Despois de dezasete meses de Goberno presidido por Alberto Núñez Feijóo con ausencia de noticias sobre a xestión do Goberno galego nesta materia, entendemos que é preciso facer un balance da situación na que se atopa o recoñecemento cultural do Castro de Baroña e por iso volvemos a manifestar interese, unha vez máis, pola situación do expediente administrativo para a correspondente declaración BIC por parte da Xunta de Galicia.

Polo anteriormente exposto, o deputado que asina formula a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

**Cando ten previsto proceder o Goberno de Galicia a tramitar o recoñecemento do Castro de Baroña (Porto do Son) como Ben de Interese Cultural (BIC)?**

Pazo do Parlamento, 29 de outubro de 2010

Asdo.: José Manuel Lage Tuñas  
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia





---

■ Grupo Parlamentario


**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Lage Tuñas na data 29/10/2010 19:11:06**

---

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

---



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza


## Á Mesa do Parlamento

**Bieito Lobeira Domínguez e Ana Belén Pontón Mondelo**, deputado e deputada do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Comisión**, relativa ás previsións de instalación de dúas gaiolas de cultivo industrial de Salmón na ría de Muros e Noia.

A Consellaría do Mar pretende autorizar a instalación de dúas gaiolas de cultivo industrial de salmón, pertencentes á empresa North West Food, S.L., no polígono mexilloeiro Muros C, na ría de Muros e Noia. Con ese motivo, tense dirixido a algunhas (non a todas) entidades do sector pesqueiro, marisqueiro e mexilloeiro da ría de Muros e Noia para que emitan a súa opinión ao respecto.

Chama poderosamente a atención a inexistencia de informes da propia Consellaría do Mar sobre o impacto que a instalación das gaiolas e o proceso de medre dos salmóns (e a súa alimentación, medicación, etc.) podería provocar sobre os recursos mariños e o medio. Así se fixo no seu día no caso da ría de Arousa, concluíndo no risco de fección severa e recomendando que esas gaiolas non se deberían instalar nesa ría.

Porén, non se coñece a existencia de ningún informe ou estudo previo á instalación que avalía os riscos derivados desa mesma operación na ría de Muros e Noia. Resulta difícil de entender.



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galicia**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 02/11/2010 11:22  
**Nº Rexistro: 53405**  
Data envío: 02/11/2010 11:22:05.436

A pretensión da Consellaría do Mar é exactamente a contraria do que dita o sentido común. Trata de pór en marcha unha experiencia constante con instalación e fondeo das gaiolas de salmón durante doce meses, e posteriormente avaliar o seu impacto. Se finalmente non hai problema, incrementaríase o número de gaiolas a fondear nese mesmo polígono. No caso de se confirmar a existencia dun impacto negativo sobre os recursos e o ecosistema, “avaliarase” e “decidirase” que facer. Sen comentarios.

A ría de Muros e Noia é un espazo singular, cunha alta produtividade pesqueira, marisqueira e mexilloeira, e milleiros de homes e mulleres vivindo directamente destas actividades produtivas. Moitas máis de xeito inducido. Cumpre, daquela, extremar as cautelas e precaucións cando de preservar a ría se tratar. 611 embarcacións pesqueiras e de marisqueo a frote teñen porto base na ría de Muros e Noia, as que cumpre acrecentar outras 26 embarcacións auxiliares vinculadas aos polígonos mexilloeiros existentes. Sumémoslle os centos de persoas inseridas nos planos de explotación de marisqueo a pé, e teremos unha primeira mostra da necesidade de extraer o principio de cautela. Estas son as razóns que levan ao BNG a formular as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión de Pesca e Marisqueo:

1.<sup>a</sup>) Que razóns levaron á Consellaría do Mar a escoller a ría de Muros e Noia como lugar de localización de dúas gaiolas de cultivo industrial de salmón?

2.<sup>a</sup>) Son estas as gaiolas procedentes da ría de Arousa?

3.<sup>a</sup>) Analizáronse outras localizacións?



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

4.<sup>a</sup>) En caso positivo, cales?

5.<sup>a</sup>) Que decisión se adoptou en cada caso, e con que motivación concreta?

6.<sup>a</sup>) Elaborou algún informe sobre a previsión do impacto destas gaiolas sobre os recursos mariños e o ecosistema?

7.<sup>a</sup>) En caso positivo, que indica?

8.<sup>a</sup>) En caso negativo, como é posíbel que non se realice, e si no caso da ría de Arousa?

9.<sup>a</sup>) Ten previsto elaborar ese informe e facelo público?

10.<sup>a</sup>) Cales son as previsións de instalación destas gaiolas na ría de Muros e Noia?

11.<sup>a</sup>) Cantos postos de traballo se crearían?

12.<sup>a</sup>) Ten previsto realizar consultas con todas as entidades do sector pesqueiro, marisqueiro e mexilloeiro da ría de Muros e Noia?

Santiago de Compostela, 2 de novembro de 2010.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez

Ana Belén Pontón Mondelo



OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza




**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 02/11/2010 11:22  
**Nº Rexistro: 53405**  
Data envío: 02/11/2010 11:22:05.436

Deputado e deputada do G.P.do BNG.

**Asinado dixitalmente por:**

**Bieito Lobeira Domínguez na data 02/11/2010 11:19:34**

**Ana Belén Pontón Mondelo na data 02/11/2010 11:19:40**



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza




**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 02/11/2010 12:43  
**Nº Rexistro: 53412**  
Data envío: 02/11/2010 12:43:47.076

## Á Mesa do Parlamento

**Ana Belén Pontón Mondelo , María do Carme Adán Villamarín e Henrique Viéitez Alonso**, deputadas e deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral na comisión 6ª de Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**, relativa ás actuacións realizadas pola Unidade de Muller e Ciencia e as previsións para o vindeiro ano 2011.

A Unidade de Muller e Ciencia foi creada no ano 2007 a través do Decreto 33/2007, do 1 de Marzo. Esta unidade nace coa vontade de incorporar a perspectiva de xénero no ámbito das políticas científicas e tecnolóxicas a fin de eliminar as discriminacións que neste ámbito padecen as mulleres. concretamente entre as súas funcións está a de elaborar propostas e recomendacións para promover a equidade no ámbito científico e tecnolóxico, a realización de informes e avaliacións da posición das mulleres nos ámbitos citados e promover para a posta en marcha de medidas que eliminen as barreiras discriminatorias. O propio decreto establece a posta en marcha dun Programa Galego de Muller e Ciencia como instrumento de planificación que impulse as accións neste ámbito.

A Unidade de Muller e Ciencia cumpriu con este mandato no ano 2008, aprobando o Programa Galego de Muller e Ciencia 2008-2012. O programa articulouse en tres eixes estratéxicos. O eixe 1, evidenciar as desigualdades de xénero no sistema sociedade- ciencia- tecnoloxía – empresa e concienciar sobre a influencia dos estereotipos sexistas cara a súa eliminación na elección da carreira académico-profesional. Eixe 2, conseguir a igualdade efectiva entre mulleres e homes no acceso,



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 02/11/2010 12:43  
Nº Rexistro: 53412  
Data envío: 02/11/2010 12:43:47.076

permanencia e promoción na carreira científica, investigadora e/ou docente. Eixe 3, garantir o tratamento transversal da dimensión de xénero no sistema académico, científico e tecnolóxico de Galiza. Estes eixes desenvólvanse a través de obxectivos específicos que contiñan accións concretas e avaliábeis para o seguimento do plan. Accións encamiñadas tanto a ter máis datos sobre a discriminación das mulleres neste ámbito, a dar visibilidade ás mulleres científicas e tecnólogas ou medidas de acción positiva que incentiven a contratación e igualdade de oportunidades das mulleres á hora de desenvolver a súa carreira profesional.

O 30 de xuño de 2010 a Xunta emitiu un comunicado no que establecía unha revisión das liñas de actuación para o ano 2010. Coa finalidade de avaliar as accións promovidas pola Xunta de Galiza neste ámbito formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- 1.<sup>a</sup>) Que liñas de actuación incluíu a Xunta de Galiza na súa actuación no ano 2010 para eliminar as discriminacións das mulleres no ámbito científico e tecnolóxico?
- 2.<sup>a</sup>) Que avaliación ten realizado a Xunta de Galiza do impacto destas medidas?
- 3.<sup>a</sup>) Que actividades promoveu a unidade de Muller e Ciencia no ano 2010 para dar cumprimento ao Programa Galego de Muller e Ciencia?
- 4.<sup>a</sup>) Que accións ten previsto desenvolver no ano 2011?

Santiago de Compostela, 2 de novembro de 2010.

Asdo.: Ana Belén Pontón Mondelo

María do Carme Adán Villamarín

Henrique Viéitez Alonso



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 02/11/2010 12:43**  
**Nº Rexistro: 53412**  
Data envío: 02/11/2010 12:43:47.076

Deputadas e deputado do G.P.do BNG.


**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Belén Pontón Mondelo na data 02/11/2010 12:21:27**

**María do Carme Adán Villamarín na data 02/11/2010 12:21:34**

**Henrique Viéitez Alonso na data 02/11/2010 12:21:46**





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 02/11/2010 12:44  
Nº Rexistro: 53413  
Data envío: 02/11/2010 12:44:34.653

## Á Mesa do Parlamento

**Ana Belén Pontón Mondelo e Henrique Viéitez Alonso**, deputada e deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral na comisión 6ª Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**, en relación coas actividades que está realizando a Xunta de Galiza para promover a presenza e permanencia das mulleres na área do I+D+i.

O estudo realizado pola Unidade de Muller e Ciencia sob o título “*Situación das mulleres no sistema Ciencia- Tecnoloxía- Empresa de Galiza*” desvela con clareza a discriminación das mulleres que se dedican á investigación, ao desenvolvemento tecnolóxico e á innovación na nosa nación. As conclusións máis importantes deste estudo sinalan que os varóns ocupan os postos de maior relevancia, teñen salarios máis elevados e requíreselles un nivel formativo inferior para acceder aos postos de maior responsabilidade.

Coa finalidade de eliminar as discriminacións de xénero neste ámbito a Unidade de Muller e Ciencia elaborou o **Programa Galego de Muller e Ciencia 2008- 2012** que recolle medidas e liñas de actuación nesta dirección. Filosofía que estaba incorporada na planificación das políticas de I+D+i da Xunta de Galiza. concretamente neste programa establececese como obxectivo “Promover políticas no sistema sociedade-ciencia- tecnoloxía- empresa (público- privado) cara o acceso e permanencia en condicións de igualdade de mulleres e de homes. Entre as actuacións previstas para desenvolver este obxectivo está a de incluír nos programas de axudas ás empresas con actividades de I+D, incentivos para a contratación de mulleres científicas e




OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

tecnólogas; establecer criterios específicos nas convocatorias e/ou convenios para que as mulleres estean representadas nos comités científicos de organización e/ou coordinación de congresos, cursos, ciclos, etc. financiados –parcial ou totalmente polas administracións-; ou promover a inclusión de cláusulas relativas ao cumprimento efectivo do principio de igualdade nos convenios e contratos que as universidades e organismos públicos do ámbito científico, tecnolóxico e de igualdade dependentes da Xunta de Galiza asinen con empresas.

A análise das ordes de axudas convocadas pola Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación para o ano 2010 indica que a perspectiva de xénero non está presente nas mesmas. De seis ordes de axudas revisadas só unha contempla nos criterios de valoración a participación equilibrada de mulleres e homes. Trátase das axudas para o fomento da investigación e innovación empresarial, para a liña de subvencións para plataforma tecnolóxica. Sen embargo, a ponderación que se establece nos criterios de valoración (sobre 100, a participación equilibrada de mulleres no comité executivo e grupos de traballo só pesa 2 puntos) non ten o peso suficiente como para ser un elemento determinante.

Desde o BNG acreditamos en que é necesario traballar con máis empeño e convicción neste ámbito. A perspectiva de xénero debe ser un elemento vertebral das políticas de I+D+i do Goberno Galego. O recoñecido Informe ETAN sinala que a infrarrepresentación das mulleres no ámbito científico ameaza os obxectivo de acadar a excelencia, ademais de ser un malgasto e unha inxustiza. Cómpre pois unha asunción real do Goberno galego da perspectiva de xénero. De nada serve enunciar o obxectivo de acadar unha sociedade igualitaria senón se acompaña de accións concretas que muden unha dinámica que discrimina as mulleres.



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 02/11/2010 12:44  
Nº Rexistro: 53413  
Data envío: 02/11/2010 12:44:34.653

Polo dito, formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- 1.<sup>a</sup>) Que análise ten realizado a Xunta de Galiza sobre o nivel de participación das mulleres no ámbito do I+D+i?
- 2.<sup>a</sup>) Considera a Xunta de Galiza que hai igualdade neste ámbito e, que polo tanto, é innecesario aplicar medidas que corrixa as discriminacións de xénero?
- 3.<sup>a</sup>) Que avaliación fai a Xunta de Galiza sobre o número de accións positivas que se están aplicando para favorecer a incorporación e permanencia das mulleres en igualdade no ámbito do I+D+i?
- 4.<sup>a</sup>) Ten previsto a Xunta de Galiza incrementar o número de accións positivas no ámbito do I+D+i?

Santiago de Compostela, 2 de novembro de 2010.

Asdo.: Ana Belén Pontón Mondelo

Henrique Viéitez Alonso

Deputada e deputado do G.P. do BNG.

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Belén Pontón Mondelo na data 02/11/2010 12:36:42**

**Henrique Viéitez Alonso na data 02/11/2010 12:36:47**



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

**Juan Carlos Francisco Rivera, José Manuel Lage Tuñas, José Luis Méndez Romeu e Beatriz Sestayo Doce**, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

No mes de outubro do ano 2010, tiña lugar en Hungría a rotura dunha balsa de lodos que contiña residuos de aluminio, causando unha gran catástrofe ecolóxica, ambiental e tamén económica para as poboacións limítrofes. A maiores o accidente supuxo a perda de vidas humanas e unha grande incerteza sobre a seguridade deste tipo de balsas.

En Galicia, a empresa de capital americano Alcoa S.A., ten na fabricación de aluminio a súa principal actividade e, en consecuencia, conta cunha gran balsa onde se depositan os lodos e os residuos aluminicos derivados do proceso produtivo, entre eles produtos altamente corrosivos e contaminantes como sosa cáustica.

A balsa, segundo datos facilitados pola propia empresa, recibe diariamente unhas tres mil toneladas de residuos, equivalentes a uns 1.700 metros cúbicos.

A rotura da balsa ou o seu incorrecto almacenamento pode afectar de xeito moi grave a poboación dos concellos onde se sitúa, especialmente Xove e Cervo, con risco alto de perda de vidas humanas, ademais dos consabidos danos materiais e medioambientais.

Aínda que a empresa ven de facer pública a través dos medios de comunicación a seguridade da balsa, entre os Plans de emerxencia exterior para Alcoa S.A., descoñecéndose igualmente si a devandita empresa conta cun Plan de emerxencia propio tal como sería preceptivo.



Grupo Parlamentario

Por estes motivos, os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

1. Ten feito a Xunta de Galicia algún seguimento sobre o cumprimento por parte de Alcoa S.A. do Plan de emerxencia que necesariamente se ten que activar en caso de que suceda algún risco?
2. Visto o sucedido en Hungría, é intención da Xunta de Galicia redactar e aprobar para Alcoa S.A., un Plan de emerxencia exterior, do mesmo xeito que ocorre coas refinerías de A Grela – Bens, con Foresa, con Ence, con Reganosa e con Imegasa?
3. No seu caso, ten constancia a Xunta de Galicia da realización de simulacros de evacuación promovidos pola propia empresa ou por calquera Administración pública?
4. En caso de accidente grave, ten activado a Xunta de Galicia un protocolo de actuacións a seguir pola poboación que reside nos concellos limítrofes a balsa?

Pazo do Parlamento, 2 de novembro de 2010

Asdo.: Juan Carlos Francisco Rivera  
José Manuel Lage Tuñas  
José Luis Méndez Romeu  
Beatriz Sestayo Doce

Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Juan Carlos Francisco Rivera na data 02/11/2010 16:58:22**

**José Manuel Lage Tuñas na data 02/11/2010 16:58:25**

**José Luis Méndez Romeu na data 02/11/2010 16:58:30**

**Beatriz Sestayo Doce na data 02/11/2010 16:58:43**



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

**José Manuel Lage Tuñas**, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O pleno celebrado no mes de outubro pola Corporación Municipal de Padrón (A Coruña) debateu e aprobou unha proposta para mellorar os servizos sanitarios de atención primaria e demandar da Xunta de Galicia atención aos problemas dos veciños e veciñas de Padrón.

A proposta emanada do goberno municipal padronés e refrendada polo Pleno da Corporación refírese á necesidade de que o centro de saúde de Padrón dispoña dun coagulómetro ou, como é coñecida popularmente, máquina do Sintrom, co obxecto de mellorar a calidade asistencial do centro de saúde da citada vila.

O servizo de saúde da capital do Sar atende a uns 200 usuarios do municipio no prazo de 3 a 4 semanas, para recibir a súa correspondente dose de Sintrom, un tratamento que, en moitos casos se cronifica e co agravante de que o número de pacientes aumenta considerablemente debido ao incremento de doenzas cardíacas.

O alcalde de Padrón e os membros do goberno municipal teñen explicado que a asistencia masiva de anticoagulados ao centro de saúde débese a ausencia do citado aparello para mellorar a atención aos usuarios.

O pleno da corporación de Padrón acordou instar ao Goberno de Galicia e concretamente á Consellería de Sanidade, a través do SERGAS, a dotar ao centro de saúde padronés do devandito aparello e, con iso, equipararse a outros concellos veciños, como Rois, que xa dispón do mesmo, tal e como lembrou o propio alcalde de Padrón (A Coruña).

Os socialistas galegos compartimos a necesidade de mellorar os recursos da atención primaria e compartimos as demandas feitas polo goberno municipal de Padrón e o pleno da corporación local co obxecto de mellorar a calidade da asistencia sanitaria en dito termo municipal.



Grupo Parlamentario

Entendemos que existe unha reivindicación xusta e que melloraría a calidade do servizo que reciben os usuarios do centro de saúde ao mesmo tempo que axudaría a unha mellor xestión dos recursos humanos do centro de atención primaria padronés.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Co obxecto de coñecer os pasos que ten pensado dar o Goberno galego para atender as reivindicacións aquí expostas, o deputado que asina formula a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

**Cando ten pensado o Goberno galego atender as reivindicacións da corporación municipal de Padrón para a mellora dos servizos que se prestan no centro de saúde de dita localidade?**

Pazo do Parlamento, 2 de novembro de 2010

Asdo.: José Manuel Lage Tuñas  
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Lage Tuñas na data 02/11/2010 17:46:46**



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

**José Manuel Lage Tuñas**, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O pleno celebrado no mes de outubro pola Corporación Municipal de Padrón (A Coruña) debateu e aprobou unha proposta para mellorar os servizos sanitarios de atención primaria e demandar da Xunta de Galicia atención aos problemas dos veciños e veciñas de Padrón.

A proposta emanada do Goberno municipal padronés e refrendada polo Pleno da Corporación refírese á necesidade de que o centro de saúde de Padrón dispoña dun coagulómetro ou, como é coñecida popularmente, máquina do Sintrom, co obxecto de mellorar a calidade asistencial do centro de saúde da citada vila.

O servizo de saúde da capital do Sar atende a uns 200 usuarios do municipio no prazo de 3 a 4 semanas, para recibir a súa correspondente dose de Sintrom, un tratamento que, en moitos casos se cronifica e co agravante de que o número de pacientes aumenta considerablemente debido ao incremento de doenzas cardíacas.

O alcalde de Padrón e os membros do Goberno municipal teñen explicado que a asistencia masiva de anticoagulados ao centro de saúde débese a ausencia do citado aparello para mellorar a atención aos usuarios.

O pleno da corporación de Padrón acordou instar ao goberno de Galicia e concretamente á Consellería de Sanidade, a través do SERGAS, a dotar ao centro de saúde padronés do devandito aparello e, con iso, equipararse a outros concellos veciños, como Rois, que xa dispón do mesmo, tal e como lembrou o propio alcalde de Padrón (A Coruña).

Os socialistas galegos compartimos a necesidade de mellorar os recursos da atención primaria e compartimos as demandas feitas polo goberno municipal de Padrón e o pleno da corporación local co obxecto de mellorar a calidade da asistencia sanitaria en dito termo municipal.





Grupo Parlamentario

Entendemos que existe unha reivindicación xusta e que melloraría a calidade do servizo que reciben os usuarios do centro de saúde ao mesmo tempo que axudaría a unha mellor xestión dos recursos humanos do centro de atención primaria padronés.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Co obxecto de coñecer os pasos que ten pensado dar o Goberno galego para atender as reivindicacións aquí expostas, o deputado que asina formula a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

**Ten previsto o Goberno galego atender durante o ano 2010 as reivindicacións da corporación municipal de Padrón para a mellora dos servizos que se prestan no centro de saúde de dita localidade?**

Pazo do Parlamento, 2 de novembro de 2010

Asdo.: José Manuel Lage Tuñas  
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Lage Tuñas na data 02/11/2010 17:52:58**



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

**José Manuel Lage Tuñas**, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O pleno celebrado no mes de outubro pola Corporación Municipal de Padrón (A Coruña) debateu e aprobou unha proposta para mellorar os servizos sanitarios de atención primaria e demandar da Xunta de Galicia atención aos problemas dos veciños e veciñas de Padrón.

A proposta emanada do Goberno municipal padronés e refrendada polo Pleno da Corporación refírese á necesidade de que o centro de saúde de Padrón dispoña dun coagulómetro ou, como é coñecida popularmente, máquina do Sintrom, co obxecto de mellorar a calidade asistencial do centro de saúde da citada vila.

O servizo de saúde da capital do Sar atende a uns 200 usuarios do municipio no prazo de 3 a 4 semanas, para recibir a súa correspondente dose de Sintrom, un tratamento que, en moitos casos se cronifica e co agravante de que o número de pacientes aumenta considerablemente debido ao incremento de doenzas cardíacas.

O alcalde de Padrón e os membros do Goberno municipal teñen explicado que a asistencia masiva de anticoagulados ao centro de saúde débese a ausencia do citado aparello para mellorar a atención aos usuarios.

O pleno da corporación de Padrón acordou instar ao goberno de Galicia e concretamente á Consellería de Sanidade, a través do SERGAS, a dotar ao centro de saúde padronés do devandito aparello e, con iso, equipararse a outros concellos veciños, como Rois, que xa dispón do mesmo, tal e como lembrou o propio alcalde de Padrón (A Coruña).

Os socialistas galegos compartimos a necesidade de mellorar os recursos da atención primaria e compartimos as demandas feitas polo goberno municipal de Padrón e o pleno da corporación local co obxecto de mellorar a calidade da asistencia sanitaria en dito termo municipal.



Grupo Parlamentario

Entendemos que existe unha reivindicación xusta e que melloraría a calidade do servizo que reciben os usuarios do centro de saúde ao mesmo tempo que axudaría a unha mellor xestión dos recursos humanos do centro de atención primaria padronés.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Co obxecto de coñecer os pasos que ten pensado dar o Goberno galego para atender as reivindicacións aquí expostas, o deputado que asina formula a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

**Cando ten previsto o Goberno galego dotar ao centro de saúde de Padrón dun coagulómetro atendendo ás reivindicacións expostos por parte do Goberno municipal?**

Pazo do Parlamento, 2 de novembro de 2010

Asdo.: José Manuel Lage Tuñas  
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Lage Tuñas na data 02/11/2010 18:19:33**



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

**José Manuel Lage Tuñas**, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Os socialistas galegos temos defendido en moitas ocasións a importancia de poñer en valor o noso patrimonio histórico e cultural, e a necesidade de que os poderes públicos adoitarán decisións encamiñadas a acadar este obxectivo amplamente compartido pola sociedade galega.

Neste sentido consideramos fundamental o recoñecemento do Castro de Baroña, sito no concello de Porto do Son (A Coruña) como Ben de Interese Cultural (BIC), e así llo fixemos saber durante a pasada legislatura ao Goberno galego presidido por Emilio Pérez Touriño, que amosou receptividade diante das nosas propostas e abriu un camiño necesario para que se procedera ao recoñecemento do citado castro.

Despois de dezasete meses de Goberno presidido por Alberto Núñez Feijóo con ausencia de noticias sobre a xestión do Goberno galego nesta materia, entendemos que é preciso facer un balance da situación na que se atopa o recoñecemento cultural do Castro de Baroña e por iso volvemos a manifestar interese, unha vez máis, pola situación do expediente administrativo para a correspondente declaración BIC por parte da Xunta de Galicia.

Polo anteriormente exposto, o deputado que asina formula a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

**Que previsión ten o Goberno galego respecto da posta en valor do Castro de Baroña, sito no concello de Porto do Son?**

Pazo do Parlamento, 2 de novembro de 2010

Asdo.: José Manuel Lage Tuñas  
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**



---

Grupo Parlamentario

**José Manuel Lage Tuñas na data 02/11/2010 19:02:06**

---

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

---



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

**José Manuel Lage Tuñas**, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Os socialistas galegos temos defendido en moitas ocasións a importancia de poñer en valor o noso patrimonio histórico e cultural, e a necesidade de que os poderes públicos adoitarán decisións encamiñadas a acadar este obxectivo amplamente compartido pola sociedade galega.

Neste sentido consideramos fundamental o recoñecemento do Castro de Baroña, sito no concello de Porto do Son (A Coruña) como Ben de Interese Cultural (BIC), e así llo fixemos saber durante a pasada lexislatura ao Goberno galego presidido por Emilio Pérez Touriño, que amosou receptividade diante das nosas propostas e abriu un camiño necesario para que se procedera ao recoñecemento do citado castro.

Despois de dezasete meses de Goberno presidido por Alberto Núñez Feijóo con ausencia de noticias sobre a xestión do Goberno galego nesta materia, entendemos que é preciso facer un balance da situación na que se atopa o recoñecemento cultural do Castro de Baroña e por iso volvemos a manifestar interese, unha vez máis, pola situación do expediente administrativo para a correspondente declaración BIC por parte da Xunta de Galicia.

Polo anteriormente exposto, o deputado que asina formula a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

Que accións ten levado a cabo o Goberno galego durante o ano 2009 para a posta en valor do castro de Baroña, sito no concello de Porto do Son?

Pazo do Parlamento, 2 de novembro de 2010

Asdo.: José Manuel Lage Tuñas  
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia



---

■ Grupo Parlamentario

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Lage Tuñas na data 02/11/2010 19:06:53**

---

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

---



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

**José Manuel Lage Tuñas**, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Os socialistas galegos temos defendido en moitas ocasións a importancia de poñer en valor o noso patrimonio histórico e cultural, e a necesidade de que os poderes públicos adoitarán decisións encamiñadas a acadar este obxectivo amplamente compartido pola sociedade galega.

Neste sentido consideramos fundamental o recoñecemento do Castro de Baroña, sito no concello de Porto do Son (A Coruña) como Ben de Interese Cultural (BIC), e así llo fixemos saber durante a pasada legislatura ao Goberno galego presidido por Emilio Pérez Touriño, que amosou receptividade diante das nosas propostas e abriu un camiño necesario para que se procedera ao recoñecemento do citado castro.

Despois de dezasete meses de Goberno presidido por Alberto Núñez Feijóo con ausencia de noticias sobre a xestión do Goberno galego nesta materia, entendemos que é preciso facer un balance da situación na que se atopa o recoñecemento cultural do Castro de Baroña e por iso volvemos a manifestar interese, unha vez máis, pola situación do expediente administrativo para a correspondente declaración BIC por parte da Xunta de Galicia.

Polo anteriormente exposto, o deputado que asina formula a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

Que accións ten levado a cabo o Goberno galego durante o ano 2010 para a posta en valor do castro de Baroña, sito no concello de Porto do Son?

Pazo do Parlamento, 2 de novembro de 2010

Asdo.: José Manuel Lage Tuñas  
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia





---

■ Grupo Parlamentario

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Lage Tuñas na data 02/11/2010 19:11:26**

---

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

---



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

**José Manuel Lage Tuñas**, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Os socialistas galegos temos defendido en moitas ocasións a importancia de poñer en valor o noso patrimonio histórico e cultural, e a necesidade de que os poderes públicos adoitarán decisións encamiñadas a acadar este obxectivo amplamente compartido pola sociedade galega.

Neste sentido consideramos fundamental o recoñecemento do Castro de Baroña, sito no concello de Porto do Son (A Coruña) como Ben de Interese Cultural (BIC), e así llo fixemos saber durante a pasada legislatura ao Goberno galego presidido por Emilio Pérez Touriño, que amosou receptividade diante das nosas propostas e abriu un camiño necesario para que se procedera ao recoñecemento do citado castro.

Despois de dezasete meses de Goberno presidido por Alberto Núñez Feijóo con ausencia de noticias sobre a xestión do Goberno galego nesta materia, entendemos que é preciso facer un balance da situación na que se atopa o recoñecemento cultural do Castro de Baroña e por iso volvemos a manifestar interese, unha vez máis, pola situación do expediente administrativo para a correspondente declaración BIC por parte da Xunta de Galicia.

Polo anteriormente exposto, o deputado que asina formula a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

Que partida económica ten investido o Goberno galego entre o ano 2009 e o ano 2010 para proceder á posta en valor do castro de Baroña, sito no concello de Porto do Son?

Pazo do Parlamento, 2 de novembro de 2010

Asdo.: José Manuel Lage Tuñas  
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia



---

Grupo Parlamentario

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Lage Tuñas na data 02/11/2010 19:17:05**

---

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

---



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 03/11/2010 16:30  
**Nº Rexistro: 53597**  
Data envío: 03/11/2010 14:03:07.199


## Á MESA DO PARLAMENTO

**Carlos Aymerich Cano e Carme Adán Villamarín**, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**, relativa ao recorte do cadro de profesores no IES “Agra de Leborís” de Laracha.

A negativa da Consellaría de Educación a cubrir unha vacante de profesor de matemáticas no IES “Agra de Leborís” da Laracha está a provocar a redución a liña 3 dos cursos de 1º e 2º da ESO que o ano pasado contaban cunha aula máis. O resultado é a masificación dunha aulas xa saturadas e nas que o número de alumnos con necesidades educativas especiais, extranxeiros e o elevado índice de fracaso escolar aconsellan precisamente o contrario: manter a liña 4 e incrementar o número de docentes. Non é primeira vez que a ofensiva do PP contra o ensino público de calidade alcanza o IES “Agra de Leborís”. Lémbrese que no curso pasado eliminouse unha unidade de 2º da ESO co resultado, previsíbel, dun maior fracaso escolar. En conclusión á parte de excluír o “Agra de Leborís” do “Abalar” e doutros programas educativos específicos o PP reduce profesores, masifica as aulas, non atende a diversidade e non actúa contra o incremento do fracaso escolar que as súas políticas de recorte provocan.

Dado que até o de agora as demandas de nais, pais e profesores non foron atendidas pola Administración educativa, fórmulanse a seguinte cuestión:

Está disposta a Xunta a cubrir a vacante dunha praza de matemáticas no IES “Agra de Leborís” da Laracha mantendo deste xeito a liña 4 en 1º e 2º de ESO?



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 03/11/2010 16:30**  
**Nº Rexistro: 53597**  
Data envío: 03/11/2010 14:03:07.199

Santiago de Compostela, 3 de novembro de 2010.

Asdo.: Carlos Aymerich Cano

Deputado do G.P. do BNG

Asdo.: Carme Adán Villamarín

Deputada do G.P. do BNG.

**Asinado dixitalmente por:**

**Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 03/11/2010 13:58:33**

**María do Carme Adán Villamarín na data 03/11/2010 13:58:39**



**Grupo Parlamentario  
Popular de Galicia**

## **Á Mesa do Parlamento**

**Emma Alvarez Chao, Rosa Oubiña Solla, Isabel García Pacín, Yolanda Díaz Lugilde e Daniel Varela Suanzes-Carpegna, deputadas e deputado do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no Artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte Pregunta Oral en Comisión para o seu debate na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes.**

O Catálogo Galego de árbores senlleiras é un rexistro público de carácter administrativo dependente da Dirección Xeral da Conservación da Natureza, no cal se inclúen todas aquelas árbores e formacións excepcionais merecentes de protección en atención ás excepcionais características do seu porte, proporcións, idade, rareza, significación histórica ou cultural, interese científico, educativo, estético, paisaxístico ou calquera outra circunstancia que as faga merecentes dunhas especial protección.

No Decreto que regula este catálogo, publicado no DOG do 17 de abril do 2007, recóllense 106 exemplares de 60 especies diferentes, así como 21 formacións arboradas compostas por 14 especies distintas. Aínda que existe unha primeira selección de exemplares e formacións, o catálogo configúrase como unha ferramenta aberta e en constante actualización, podendo propoñer a inclusión de elementos os seus propietarios, as administracións públicas, centros de investigación ou asociacións e entidades privadas ou públicas que teñan entre os seus fins estatutarios a protección da natureza.

En relación a este asunto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

- 1.- A día de hoxe, ¿en qué situación se atopa ampliación do Catálogo Galego de Árbores Senlleiras?
- 2.- ¿Cántas solicitudes de catalogación recibiu a Dirección Xeral de Conservación da Natureza?



**Grupo Parlamentario  
Popular de Galicia**

- 3.- ¿Cal é a procedencia administrativa das solicitudes de catalogación recibidas?
- 4.- ¿A qué especies pertencen as solicitudes recibidas?
- 5.- Das solicitudes recibidas ¿cantas e cales son favorables?
- 6.- ¿En que provincias se sitúan as propostas positivas?
- 7.- ¿A qué protección se poden acoller as propostas no aptas?

Santiago de Compostela, 03 de novembro de 2010

**Asinado dixitalmente por:**

**María Emma Álvarez Chao na data 03/11/2010 14:22:54**

**Rosa Oubiña Solla na data 03/11/2010 14:22:58**

**María Isabel García Pacín na data 03/11/2010 14:23:07**

**Yolanda Díaz Lugilde na data 03/11/2010 14:23:12**

**Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 03/11/2010 14:23:20**



## **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

### **Á Mesa do Parlamento**

**Emma Alvarez Chao, Rosa Oubiña Solla, Isabel García Pacín e Daniel Varela Suanzes-Carpegna, deputadas e deputado do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no Artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta Oral en Comisión para o seu debate na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes.****

As Illas de Ons e Onza son bens de dominio público, de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia, incluídos no parque nacional das Illas Atlánticas.

Na Illa de Ons existe unha serie de inmobles habitados, de xeito permanente ou estacional polos que foran colonos no seu día e polo persoal das diversas instalacións necesarias para a xestión da Administración tanto da Xunta como do Estado (faro).

A Consellería do Medio Rural como xestor deste ben patrimonial da Xunta subministra os servicios básicos tales como auga, saneamento recollida de residuos e luz, para o que ten que destinar un importante volume de recursos, sen por elo poder garantir a suficiente calidade dalgúns deles tales como a electricidade que se produce mediante xeradores de gasoil, susceptibles de avarías e variacións de tensión ademais do risco de vertidos, contaminacións e accidentes que supón o emprego do gasóleo para a produción eléctrica.





## Grupo Parlamentario Popular de Galicia

É por elo que entre as actuacións aprobadas no convenio suscrito entre o Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural y Medio Marino e a Xunta de Galicia sobre actuacións da Dirección Xeral de Medio Natural e Política Forestal en Materia de Rede Natura 2000, tense incluído un proxecto de “Actuacións e infraestructuras no Parque Natural Illas Atlánticas” que contempla o cableado submarino ata a Illa de Ons para garantir aos illáns un servizo cunha calidade axeitada pois constituirá una importante mellora nas condicións da calidade de vida da poboación local á vez que suporá una mellora e racionalización na xestión dos recursos destinados ao parque nacional.

O Secretario de Estado de Medio Rural y Agua do Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural y Marino e o Conselleiro de Medio Rural, subscribiron o convenio do que estamos a falar, relativo a actuacións de conservación na Rede Natura 2000, con data 16 de outubro de 2009 que foi publicado no BOE nº 276, mediante resolución do Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural y Marino, cunha inversión de 20.888.992 € por parte do Ministerio e 4.000.000 € pola Comunidade Autónoma, previstas en catro anualidades que son as que seguen:

Anualidade	Ministerio	Xunta
2009	2.222.248 €	1.000.000 €
2010	6.222.248 €	1.000.000 €
2011	6.222.248 €	1.000.000 €
2012	6.222.248 €	1.000.000 €
Total	20.888.992 €	4.000.000 €

En relación a este asunto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta:

¿Cál é o estado de execución do citado Convenio?

Santiago de Compostela, 03 de novembro de 2010



**Grupo Parlamentario  
Popular de Galicia**

**Asinado dixitalmente por:**

**María Emma Álvarez Chao na data 03/11/2010 18:20:01**

**Rosa Oubiña Solla na data 03/11/2010 18:20:08**

**María Isabel García Pacín na data 03/11/2010 18:20:16**

**Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 03/11/2010 18:20:24**



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

**Pablo Xabier López Vidal, Sonia Verdes Gil e Carmen Gallego Calvar,** deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Mediante a publicación da *Orde do 19 de maio de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a actividades, actuacións ou medidas de concellos incluídos na Rede Natura 2000 e a súa convocatoria para os anos 2010 e 2011*, no Diario Oficial de Galicia de data 28 de maio de 2010, comeza o proceso de tramitación destas subvencións.

Unhas axudas destinadas a mellora da paisaxe, a manter as condicións ambientais ou a recuperar especies relacionadas historicamente coa actividade agraria nestas zonas tan sensibles medioambientalmente; a conservación e restauración de elementos históricos patrimoniais ou culturais, que representen a paisaxe agraria tradicional da zona, coa finalidade de incrementar o valor de recreo público nestas zonas Natura 2000.

Pois ben, nestes días os Concellos que no seu día cursaron as oportunas solicitudes están a recibir a pertinente contestación por parte da Consellería de Medio Rural.

O sorprendente da contestación oficial cursada aos distintos Concellos por parte da Administración autonómica e que "*con data 28 de outubro de 2010...*" se aproba dita subvención por resolución do secretario xeral da Consellería de Medio Rural; se contemplan dous días para finalizar os traballos, e dicir o 30 de outubro de 2010 e se notifica o mesmo día 28 ou 29 de outono.

Conscientes da imposibilidade material de cumprir co establecido nesta resolución, se pon de manifesto que no futuro se tramitará outra orde que vai a modificar o prazo de xustificación dos gastos correspondentes a anualidade do 2010.



Grupo Parlamentario

Diante do despropósito xurídico - administrativo que supón esta convocatoria, o deputado e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

1. Cales son os motivos de notificar unha resolución administrativa con dous días de marxe para poder xustificar os gastos?
2. Estase a promover dende a Consellería de Medio Rural a emisión de certificacións de obra falsarias para poder cobrar unha axuda do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER)?
3. Como pode xustificarse dende unha administración eficiente, a notificación desta chapuza administrativa? É un acto de austeridade procedimental?
4. Que tipo de responsabilidades pensan asumir os culpables desta situación dantesca?
5. Este é o modelo de traballo que se practica acotío na Xunta de Galicia?
6. Mentres se tramita a orde que se anuncia, que modificará o prazo de xustificación, que procedemento deben seguir os Concellos afectados a hora de cumprir o establecido na primeira normativa reguladora?

Pazo do Parlamento, 4 de novembro de 2010

Asdo.: Pablo Xabier López Vidal

Sonia Verdes Gil

Carmen Gallego Calvar

Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia



---

■ Grupo Parlamentario

**Asinado dixitalmente por:**

**Pablo Xabier López Vidal na data 04/11/2010 12:18:03**

**Sonia Verdes Gil na data 04/11/2010 12:18:08**

**Carmen Gallego Calvar na data 04/11/2010 12:18:13**

---

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

---



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Pablo Xabier López Vidal e Carmen Gallego Calvar**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**.

Foi o Goberno anterior quen decidiu apostar con claridade pola dinamización do Parque Natural do Xurés (o máis grande de Galicia, con 21.000 hectáreas) como motor económico da comarca da Baixa Limia, realizando toda unha serie de iniciativas para poñelo en valor e que servise de sustento na vida dos seus poboadores.

Así xurdiu a idea de materializar no pobo abandonado de Salgueiros a primeira aldea medioambiental de Galicia. A idea foi transformar unha fermosa aldea, enclavada nun entorno de singular beleza, nun asentamento de uso público e sostible: compatibilizar a creación dun asentamento para ecoturistas con aulas de divulgación medioambiental.

Coa axuda dos fondos europeos e logo do investimento de máis de 3 millóns de euros, a aldea está practicamente rehabilitada. Coa chegada do novo goberno a Xunta de Galicia todo está parado. Nos orzamentos autonómicos do vindeiro ano, non se albisca ningunha partida para poñer en marcha de xeito definitivo este importante proxecto.

En relación con esta frustrada recuperación da aldea de Salgueiros no Concello de Muíños, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que accións pensa desenvolver a Consellería responsable do parque do Xurés a hora de rematar a recuperación e posta en funcionamento da aldea medioambiental de Salgueiros?
2. É consciente o Goberno de Galicia que de non continuar cos investimentos e os proxectos previstos, todo a actuación se converterá nun gasto improdutivo?



Grupo Parlamentario

3. Pensa a Xunta de Galicia continuar cós plans de recuperación iniciados na anterior lexislatura o redor da aldea de Salgueiros?
4. Segue a considerar a Xunta de Galicia o Parque do Xurés como o motor económico e medioambiental da Baixa Limia?
5. Que actuacións está a desenvolver de cara a posta en valor desta xoia medioambiental que é o Parque do Xurés?

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia


Pazo do Parlamento, 4 de novembro de 2010

Asdo.: Pablo Xabier López Vidal  
Carmen Gallego Calvar  
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Pablo Xabier López Vidal na data 04/11/2010 12:21:12**

**Carmen Gallego Calvar na data 04/11/2010 12:21:17**



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 04/11/2010 12:54  
**Nº Rexistro: 53703**  
Data envío: 04/11/2010 12:54:02.366

## Á Mesa do Parlamento

**Fernando Xabier Blanco Álvarez**, deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Comisión.**

O Presidente da Xunta de Galiza afirmou en Lugo que o Plan Impulsa Lugo producira un investimento de máis de 100 millóns de euros, que axudaron a manter e crear máis de 400 empregos. No debate mantido na Comisión de Economía, manifestóusenos, así mesmo, que as axudas poderían chegar ata o 50% do investimento a fondo perdido e que se pensaban ampliar os sectores que puideran recibir axudas.


Polo anterior, preséntanse as seguintes preguntas:

- 1.<sup>a</sup>) Que cantidades se adicaron a empresas de nova instalación?
- 2.<sup>a</sup>) Que cantidades a novos proxectos de empresas xa asentadas?
- 3.<sup>a</sup>) Que sectores económicos foron os beneficiarios destas axudas?
- 4.<sup>a</sup>) Algún estaba fora dos definidos no Plan Impulsa Lugo?
- 5.<sup>a</sup>) Que cantidades se concederon a fondo perdido? En que porcentaxes?
- 6.<sup>a</sup>) En que concellos están ubicadas as empresas beneficiarias?
- 7.<sup>a</sup>) Cantos empregos son novos e cantos e onde se axudaron a manter?

Santiago de Compostela, 4 de novembro de 2010.

Asdo.: Fernando Xabier Blanco Álvarez





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 04/11/2010 12:54  
**Nº Rexistro: 53703**  
Data envío: 04/11/2010 12:54:02.366

Deputado do G.P. do BNG.

**Asinado dixitalmente por:**

**Fernando Xabier Blanco Álvarez na data 04/11/2010 12:48:43**



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galicia  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 29/10/2010 09:30  
Nº Rexistro: 53298  
Data envío: 28/10/2010 19:28:47.896

## Á Mesa do Parlamento


**Ana Luisa Bouza Santiago e Carlos Aymerich Cano**, deputada e deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Comisión**, relativas á situación do Servizo de Urxencias do Complexo Hospitalario Universitario d'A Coruña.

O CHUAC da servizo a unha poboación duns 520.000 habitantes, a súa Area de urxencias atendeu en 2009 166.015 urxencias, unha media de 454,84 cada día cunha presión do 66,6%.

O Plan director do CHUAC, que leva ano e medio paralizado, tiña previsto rematar a ampliación desta Area fundamental en 2010 pero, na actualidade, non se ten iniciado ningunha obra de mellora nin de ampliación dos espazos de urxencias e tampouco dos recursos de persoal precisos para evitar a actual situación de colapso que vive, só solventada pola profesionalidade e adicación do persoal que traballa no servizo.

Empeza a ser habitual que doentes en observación pasen a noite en sillóns ou camillas encaixadas entre as camas, tampouco é estraño que por falta de camas en planta, se adíen os necesarios ingresos, aínda que haxa camas pechadas.

Estes días, a Conselleira de Sanidade anunciou a reactivación do paralizado Plan director cun novo retraso a 2013 da data de remate pero sen concretar a temporalización das actuacións nin a forma de financiación.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 29/10/2010 09:30  
**Nº Rexistro: 53298**  
Data envío: 28/10/2010 19:28:47.896

Por este motivo, o Grupo Parlamentar do BNG realiza as seguintes Preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1ª) Coñece o Goberno galego a situación actual da Area de urxencias do CHUAC?

2ª) Qué media de urxencias diarias atendeu o CHUAC entre xaneiro e setembro de 2010?

3ª) Cánto persoal de cada categoría ten asignado o servizo de urxencias do CHUAC?

4ª) Cánto persoal de cada categoría tiña asignado este servizo en marzo de 2009?

5ª) Cándo está previsto rematar as obras de ampliación e mellora da Area de urxencias do CHUAC previstas no plan director?


6ª) Qué medidas vai poñer en marcha o Goberno galego para mellorar a curto prazo a actual situación do servizo de urxencias do CHUAC?

Santiago de Compostela, 28 de outubro de 2010.

Asdo.: Ana Luisa Bouza Santiago

Carlos Aymerich Cano

Deputada e deputado do G.P. do BNG.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 29/10/2010 09:30**  
**Nº Rexistro: 53298**

Data envio: 28/10/2010 19:28:47.896

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Luísa Bouza Santiago na data 28/10/2010 19:25:34**

**Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 28/10/2010 19:25:38**



**Grupo Parlamentario  
Popular de Galicia**

## **Á Mesa do Parlamento**

**Emma Alvarez Chao e José Manuel Balseiro Orol**, deputada e deputado do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no Artigo 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Comisión**, polo trámite de **Urxencia**.

### **Xustificación da Urxencia:**

A urxencia ven motivada pola necesidade de trasladar aos veciños do barrio de A Ponte na parroquia de Arante en Ribadeo a postura da Xunta de Galicia, en relación aos efectos causados polas riadas acontecidas os pasados días 10 e 11 de xuño na Ponte no vial da Excma. Deputación Provincial de Lugo que une os concellos de Trabada e Ribadeo.

O Temporal Doris que afectou a Mariña de Lugo os días 10 e 11 de xullo e causou múltiples danos causou entre outros deterioros graves na Ponte de Arante construída no 1923 e que se atopa no trazado do Camiño de Santiago ao carón da capela das Virtudes do s. XV, unha edificación inventariable como ben patrimonial.

Dende que se detectaron os danos as propostas de actuación sobre a infraestrutura foron distintas por parte da Dirección Xeral de Patrimonio partidaria da restaurala atendendo a consideracións técnicas e de concordancia có entorno e da Excma. Deputación Provincial de Lugo partidaria da demolición sen xustificacións técnicas que avalaran o proxecto presentado.



## Grupo Parlamentario Popular de Galicia

A falta de acordo por parte de ámbalas dúas partes trae como consecuencia notables trastornos a cidadáns e visitantes polo desvío do paso e do tráfico por estar inutilizada esta conexión entre os concellos ribadense e trabadense. Os trastornos son varios: dificultades á hora de trasladar féretros, desvío por unha ruta non sinalizada dos peregrinos que utilizan o Camiño Norte, uso de pistas alternativas non adaptadas para o transporte derivado da explotación madeireira ou da industria láctea, traslado do recorrido do transporte escolar ademais do atraso de media hora que supón diariamente aos veciños que a teñen que bordear para facer os seus desprazamentos diarios.

Finalmente o 28 de outubro, tras unha reunión de representantes e técnicos de ambas administracións acordase a recuperación da Ponte de Arante respetando a súa estrutura orixinaria. Pero, tan só un día despois trascende un informe de Augas de Galicia que rexeita de maneira expresa a posibilidade de restauración e mantemento da ponte coa tipoloxía actual.

En relación a este asunto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta:

¿Cal é a postura definitiva da Xunta de Galicia en relación ao proxecto que se debe levar a cabo para reestablecer a Ponte de Arante?

Santiago de Compostela, 04 de novembro de 2010

**Asinado dixitalmente por:**

**María Emma Álvarez Chao na data 04/11/2010 11:38:13**

**José Manuel Balseiro Orol na data 04/11/2010 11:38:20**

**Ignacio Javier López-Chaves Castro na data 04/11/2010 11:38:45**

**Natalia Barros Sánchez na data 04/11/2010 11:38:54**



**Grupo Parlamentario  
Popular de Galicia**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 04/11/2010 11:42  
**Nº Rexistro: 53675**  
Data envío: 04/11/2010 11:42:13.335

**María de la Soledad Piñeiro Martínez na data 04/11/2010 11:39:04**

Pazo do Parlamento ♦ Rúa do Hórreo, s/n  
Telf.: 981 551 510 ♦ Fax: 981 551 422 ♦ e-mail: [gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA



## BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.  
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727